

ANÁLISE DO SECTOR CULTURAL

Documento para a Actividade de Interese Estatístico (AIE13): *“Análise estatística de sectores produtivos e da estrutura económica en xeral”* recollida no Programa estatístico anual 2015 da Comunidade Autónoma de Galicia

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2016

Índice

0.	Presentación.....	3
1	Delimitación do sector cultural	4
1.1.	O sector na Conta Satélite da Cultura de Galicia:	5
1.2.	O sector cultural a través das ramas de actividade características	8
2	A Conta Satélite da Cultura de Galicia de 2011.....	12
2.1	A cultura na economía galega	13
2.2	Conta de produción e emprego por sectores	16
2.3	Conta de produción e emprego por fases.....	19
2.4	Comparativa con España, Andalucía e Cataluña	21
3	O sector cultural a través das ramas características.....	25
3.1	O sector na economía galega a través das ramas características.....	26
3.2	A composición interna do sector	29
3.3	O sector no contexto internacional.....	30
3.3.1	Análise por países.....	33
3.4	A dimensión territorial do sector	35
3.4.1	Distribución do sector no territorio	36
3.4.2	Importancia do sector na economía do territorio	37
4	Relacións intersectoriais: identificación de complexos produtivos, efectos directos e indirectos e identificación de sectores clave	40
4.1	Complexo produtivo da cultura	40
4.2	Efectos directos e indirectos	43
4.3	Identificación de sectores clave	46
5	Conclusións	50
6	Anexos.....	51
7	Bibliografía e fontes estatísticas	57

0. Presentación

A *Análise do sector da cultura* é un documento elaborado polo Instituto Galego de Estatística (IGE) que dá cumprimento á Actividade de interese estatístico (AIE13) “Análise estatística de sectores produtivos e da estrutura económica en xeral” recollida no Programa estatístico da comunidade autónoma de 2015.

Trátase da continuación dunha serie de análises iniciadas coa da cadea forestal-madeira, difundida en 2013, que tivo a súa continuación coa análise do sector da automoción, difundida en 2014 e coa análise do sector da pesca, difundida en 2015. O obxectivo destas publicacións é dobre: por unha banda, afondar no coñecemento da economía galega a través do estudo de sectores sobranceiros na nosa estrutura económica e, por outra, dar unha mellor difusión ás estatísticas de síntese económica elaboradas polo IGE.

O documento estrutúrase en catro bloques que rematan cun pequeno capítulo de conclusións. No primeiro bloque realízase unha delimitación do sector, aspecto chave para entender o documento. No segundo bloque analízase o sector a través da “Conta Satélite da Cultura”, operación estatística que nos achega unha instantánea do sector no ano 2011.

No terceiro apartado faise unha aproximación ao sector dende un punto de vista máis amplo, grazas ás estatísticas de síntese do IGE, e realízanse análises temporais e interespaciais. Trátase de coñecer cal é a evolución recente do sector e como se sitúa comparativamente no contexto da nosa economía e das economías da contorna. Neste bloque inclúese tamén unha ollada ao aspecto territorial, que informa da distribución no territorio do sector cultural.

A cuarta sección realiza unha análise das relacións intersectoriais do sector na economía galega a través dunha metodoloxía que permite estimar os efectos directos e indirectos no sector, o grao de integración na economía galega e os efectos sobre o emprego.

Toda a información incluída nesta publicación obtense da estatística pública, principalmente da producida na Comunidade Autónoma de Galicia, en particular da estatística económica de síntese elaborada e difundida polo Instituto Galego de Estatística. Non obstante, cómpre destacar dúas experiencias previas no que ao análise do sector cultural na nosa Comunidade se refire: por unha banda, o editado pola Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC)¹ e

¹ AGADIC (2010) “As cifras da industria cultural galega”, Xunta de Galicia.

por outra, o elaborado polo Observatorio da Cultura Galega². A conclusión que se extrae tanto destes antecedentes como do documento que aquí se presenta, é o relevante papel que a cultura ten na nosa economía, como sector xerador de emprego e riqueza en Galicia.

1 Delimitación do sector cultural

Á hora de abordar unha análise sobre o sector da cultura é fundamental delimitar que actividades se inclúen baixo esta rúbrica. Como se verá, esta tarefa non é un tema trivial; de feito, non existe un consenso internacional estrito sobre as actividades que se deben incluír na análise deste sector económico.

Cando se fala de cultura nos distintos eidos da vida pública, normalmente este termo asóciase con actividades como a produción editorial, as artes escénicas, a pintura, a escultura, o sector audiovisual, etc. Non obstante, existen outras actividades nas que non se adoita pensar cando se fala sobre cultura, que tamén forman parte desta. É o caso das actividades de deseño especializado, cuxo produto pode considerarse un ben cultural, a arquitectura ou a fotografía. Así mesmo, para chegar ao produto final das actividades culturais (o libro, unha representación teatral, unha obra de arte, unha escultura, unha película, etc.) hai que considerar todas aquelas actividades necesarias para completar a cadea produtiva destes (creación, fabricación e comercialización, entre outras).

Considerar todas estas actividades e valoralas economicamente implica dispoñer de información estatística pertinente. O IGE dispón de información por rama de actividade difundida nas “Contas económicas anuais” dende o ano 2000 e nos diferentes “Marco input-output” elaborados ata hoxe. Isto permite realizar análises temporais da evolución dun sector.

Para elaborar estas estatísticas utilízase a desagregación a dous díxitos da Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE-2009), que é a versión nacional da NACE Rev. 2³ que utiliza a Unión Europea para a difusión das estatísticas económicas. Isto permite realizar comparativas espaciais, xa que os Estados membros da UE, por exemplo, utilizan esta clasificación estándar para definir as súas ramas.

² Observatorio da Cultura Galega (2010): “O sistema produtivo da Cultura en Galicia, unha visión económica”. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

³ Siglas de *Statistical classification of economic activities in the European Community*.

Porén, unha delimitación exacta do sector require dunha maior precisión, e con este obxectivo o IGE elaborou a “Conta Satélite da Cultura” para o ano 2011. Esta operación realízase a partir da información que proporciona o “Marco input-output”. O nivel de desagregación das operacións estatísticas do IGE é insuficiente para os propósitos da conta satélite, como se ve na táboa 2. Nalgúns casos, é preciso descender ao nivel de tres e incluso catro díxitos para determinar se unha actividade forma parte da cultura. Polo tanto, recórrese a fontes de información secundaria para completar a información que subministra o “Marco input-output”.

Agora ben, a delimitación do sector utilizada na conta satélite só permite comparar as dimensións do noso sector co doutras rexións que realicen operacións deste tipo con delimitacións similares á galega. Tampouco poderemos facer análises temporais do sector, posto que na actualidade o IGE só elaborou a edición de 2011.

Para poder realizar comparacións que excedan do ámbito estatal e permitan situar o sector cultural galego no marco da Unión Europea, así como analizar a evolución temporal do sector, é preciso relaxar os requisitos da clasificación, e falarase de ramas características do sector.

Para a elaboración deste texto utilizaremos unha visión dual do sector cultural. Por unha banda a través da conta satélite, o que permite maior precisión na descrición do sector; e por outra a través do que chamaremos ramas características do sector.

1.1.0 sector na Conta Satélite da Cultura de Galicia:

O punto de partida, e principal referencia, á hora de elaborar a “Conta Satélite da Cultura” de Galicia foi o informe final do Leadership Group on Cultural Statistics (LEG)⁴. O LEG foi un grupo de traballo formado por expertos no ámbito da cultura que tiña por obxecto construír, a escala europea, un sistema de información coherente e comparable que contribuíse a un mellor coñecemento das relacións entre a cultura e o desenvolvemento socioeconómico. O proxecto do LEG tomaba como referencia, a súa vez, un traballo previo da UNESCO⁵ no cal se propuña unha clasificación de categorías que debían considerarse á hora de producir estatísticas

⁴ EUROSTAT (2000): “Cultural Statistics in the EU. Final report of the LEG”.

⁵ UNESCO (1986). Institute for Statistics, “The UNESCO Framework for Cultural Statistics (FSC)”;

a este traballo seguiu un posterior presentado en 2009 (UNESCO (2009). Institute for Statistics, “2009 UNESCO Framework for Cultural Statistics”).

culturais, e que o LEG adoptou na súa meirande parte⁶. En 2009 Eurostat e os ministros de Cultura da Unión Europea impulsaron a creación dun novo grupo de traballo, o *ESSnet-Culture*⁷, co obxectivo de relanzar a cooperación entre os Estados membros en materia de cultura e revisar o marco europeo elaborado polo LEG, adaptándoo aos cambios metodolóxicos e sociodemográficos experimentados nas últimas décadas.

No ámbito estatal, cóntase coa experiencia do *Ministerio de Educación, Cultura y Deporte*, o cal elabora, en colaboración co Instituto Nacional de Estadística, unha conta satélite española con resultados que se remontan ao ano 2000. A nivel autonómico destacan as experiencias dos institutos estatísticos de Cataluña e Andalucía. Todas estas contas satélite adoptan como referencia as propostas de Eurostat (primeiro a través do LEG e logo do *ESSnet-Culture*), adaptando as súas clasificacións ás condicións específicas das súas rexións.

No caso galego, tivéronse en conta todas estas referencias metodolóxicas e adaptouse a delimitación do sector proposta por Eurostat ás especificidades do sector cultural galego e á dispoñibilidade de fontes de información. Nesta labor contouse co asesoramento do Observatorio da Cultura Galega, en particular no caso dalgunhas actividades cuxa inclusión no eido da cultura xeraba dúbidas⁸. Ademais, tratouse de garantir na medida do posible a comparabilidade coa conta española, o que permite contextualizar o sector da cultura galego no conxunto de España⁹.

O sector cultural pode delimitarse dende dous puntos de vista complementarios: en función do tipo de actividade cultural en si mesma ou en función da súa situación dentro da cadea produtiva dos bens e servizos culturais. Atendendo ao primeiro, o sector cultural galego divídese en cinco sectores:

- **Patrimonio artístico e monumental, arquivos e bibliotecas:** inclúe a explotación dos monumentos e edificios históricos, os museos, os xacementos arqueolóxicos e as

⁶ O marco de Eurostat deixa fóra, entre outras, as actividades deportivas, o turismo de tipo cultural, determinados produtos de tipo ornamental (como a cerámica e a xoiería) e as telecomunicacións.

⁷ European Statistical System Network on Culture (ESSnet_Culture) (2012): "Final Report".

⁸ É o caso da publicidade, no que non hai acordo unánime sobre se debe ou non ser considerada dentro da cultura. O marco orixinal de Eurostat, elaborado polo LEG, non a incluía; non obstante, no marco actualizado desenvolvido polo *ESSnet-Culture* si aparece. A conta satélite española, pola súa parte, opta por deixala fóra do sector cultural e vencellala ás actividades relacionadas coa propiedade intelectual.

⁹ A delimitación utilizada en Galicia comprende practicamente todas as actividades incluídas na española, coa excepción das ensinanzas culturais. O motivo que levou a non considerala no caso galego foi que non se dispón de información co suficiente grao de detalle como para illar as actividades educativas relacionadas coa cultura.

actividades dos xardíns botánicos, zoos e reservas naturais¹⁰. Neste sector recóllense tamén as actividades vencelladas aos arquivos e ás bibliotecas.

- **Libros e prensa:** inclúe as actividades relacionadas co libro, a prensa e as publicacións periódicas (revistas, etc.).
- **Artes visuais:** abrangue todo tipo de artes cuxo elemento diferenciador é o uso na súa forma de expresión de materiais tales como a pintura e a escultura. Tamén se inclúe neste sector a fotografía, a publicidade, a arquitectura e as actividades de deseño especializado.
- **Artes escénicas:** comprende diversas manifestacións de arte caracterizadas pola súa difusión en forma de espectáculos escénicos en vivo, coma o teatro, a ópera, os concertos musicais, o circo, etc.
- **Audiovisual e multimedia:** comprende dous subsectores: o da radio e a televisión, por unha banda, e o cine, vídeo e música gravada, pola outra.

Atendendo á situación que ocupan dentro da cadea de produción, as actividades culturais divídense en cinco fases:

- **Creación e produción:** nesta fase inclúense as actividades relacionadas coa elaboración de ideas artísticas, como pode ser a realizada por artistas (pintores, escultores, etc.), autores e intérpretes. Comprende tamén as actividades encamiñadas a definir o produto ou servizo cultural. Nesta fase obtense o que podería denominarse “ben ou servizo primario”, susceptible xa de ser reproducido para o seu consumo. Tomando como exemplo a elaboración dun libro, o manuscrito escrito sería unha actividade de creación e da fase de produción encargaríase a editorial.
- **Fabricación:** abrangue as actividades destinadas a reproducir en serie bens culturais primarios. A diferenza da fase de produción, na de fabricación non se engade valor ao contido cultural do ben. Seguindo co exemplo do libro, a fase de fabricación sería levada a cabo pola rama de actividade das artes gráficas.

¹⁰ Neste punto tamén existe unha discrepancia entre a delimitación desenvolvida por Eurostat e a propia conta española e a delimitación galega, xa que as primeiras non inclúen as actividades dos xardíns botánicos, zoos e reservas naturais no eido da cultura. No caso galego optouse por incluíla xa que as fontes das que se obtén a información para a súa análise non permiten illar as ditas actividades das restantes que compoñen a rama 91 da CNAE-2009 (actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais), que si se inclúen no campo da cultura.

- **Difusión, distribución e comercialización:** inclúe as actividades necesarias para que o produto resultante das fases anteriores chegue ao usuario ou ao consumidor. Este bloque comprende aos intermediarios responsables da comercialización e distribución dos produtos culturais (comerciantes polo xunto e a retallo e outras formas de difusión da cultura, coma o cine e a televisión).
- **Actividades de promoción e regulación:** abrangue as actividades de promoción e regulación da cultura desenvolvidas polas administracións públicas.
- **Actividades auxiliares:** esta fase comprende actividades auxiliares ás fases de creación e produción, por medio das cales se obteñen produtos que son empregados como consumos intermedios ou bens de capital nestas. Trátase de actividades que, aínda que non proporcionan bens e servizos culturais en sentido estrito, teñen unha indubidable connotación cultural. Un exemplo sería a fabricación de instrumentos musicais. Nesta fase tamén se inclúen actividades auxiliares á difusión e distribución de bens e servizos culturais, por medio das cales se obteñen produtos destinados ao consumidor final, que lle permitirán o uso e desfrute de bens e servizos culturais (como a venda de equipamentos de audio e vídeo). Finalmente, exclúense as actividades auxiliares á fase de fabricación, dado que se trata de producións de bens moi afastados do contexto da cultura. Así, unha actividade auxiliar ás artes gráficas como pode ser a fabricación de tintas de imprenta non se inclúe no eido da cultura por estar moi afastado do ben cultural producido (o libro, neste caso).

Na táboa 16 do anexo amósanse as actividades consideradas dentro de cada fase, xunto co sector cultural ao que pertencen, en función da clasificación de actividades utilizada no sistema galego de contas: a CNAE-2009.

1.2.0 sector cultural a través das ramas de actividade características

Para analizar a importancia do sector a nivel europeo, determinar que comarcas son fundamentais na xeración do valor engadido do sector e determinar as relacións do mesmo con outros sectores económicos necesitamos dispor dunha clasificación que integre ramas completas a dous díxitos da CNAE-2009. Polo tanto, para estes propósitos conformouse un agregado que integra as ramas cuxo peso (en termos de VEB) da parte cultural nas mesmas excede o 90% do VEB total.

Para elo, utilizáronse os resultados obtidos na “Conta Satélite da Cultura” de Galicia en 2011; agrupáronse as divisións presentadas nas táboas 16 e 17 do anexo en ramas a dous díxitos da CNAE-2009 e calculouse que porcentaxe do VEB total xerado por cada rama en 2011 procedía de actividades de tipo cultural. O resultado é un agregado integrado polas seguintes partes:

Táboa 1 As ramas características: ramas da CNAE-2009 incluídas no agregado utilizado nos apartados 3 e 4

CNAE-09	DESCRICIÓN CNAE
18	Artes gráficas e reprodución de soportes gravados
58	Edición
59	Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical
60	Actividades de programación e emisión de radio e televisión
73	Publicidade
90_93	Actividades artísticas, recreativas e de entretemento

As ramas 18, 59 e 60, como se comprobou no subapartado anterior, forman parte na súa totalidade do sector cultural utilizado na conta satélite (nesta fonte as ditas ramas divídanse en sectores e fases da produción distintos, pero o valor engadido xerado polas mesmas inclúase ao completo na conta).

Pola contra, a rama 58 desagregase en dúas subramas, a 58.1 “Edición de libros, xornais e outras actividades editoriais” e a 58.2 “Edición de programas informáticos”, das que só a 58.1 forma parte en *strictu senso* do sector cultural galego. Non obstante, o valor engadido xerado pola división 58.2 en 2011 en Galicia é residual se o comparamos co xerado pola división 58.1 (inferior ao 5% do total da rama). Polo tanto, o erro que se comete na análise dos apartados 3 e 4 ao integrar a dita división 58.2 no agregado cultural empregado é moi pequeno e non altera os resultados que se obterían de sermos capaces de illar unicamente a división 58.1. O mesmo sucede coa rama 73 que inclúe, ademais das actividades relacionadas coa publicidade (división 73.1 e parte cultural da rama), os estudos de mercado e a realización de enquisas de opinión pública (división 73.2 e parte non cultural da rama). De novo, a parte cultural xera máis do 90% do valor engadido total da rama 73 en 2011, polo que a inclusión da parte non cultural non distorsiona en demasía os resultados acadados.

Agora ben, a casuística das ramas 90 a 93 é distinta á das anteriores. Neste caso non se cumpre o criterio de que a parte cultural xere máis do 90% do VEB total da rama. Non obstante, considerouse indispensable a inclusión deste grupo de ramas na análise dos apartados 3 e 4 debido aos seguintes motivos:

- As ramas 90 e 91 son dúas das ramas características da cultura, segundo os informes elaborados por expertos na materia da UNESCO e a Unión Europea¹¹. Aglutinan actividades relacionadas coa creación artística e literaria, as artes escénicas e a xestión de salas de espectáculos, así como aquelas realizadas por bibliotecas, arquivos, museos, xardíns botánicos, parques zoolóxicos e reservas naturais. Non hai dúbida de que estas actividades gozan dun marcado compoñente cultural. No Sistema de Contas Económicas de Galicia os resultados das ramas 90 e 91 ofrécese conxuntamente cos das ramas 92 e 93; no sistema macroeconómico de contas da Unión Europea relativo aos seus países membros agréganse unicamente á rama 92, sendo imposible discernir en ambos casos que parte corresponde a cada compoñente. Neste agregado, a rama que achega maior valor engadido é a 92, relativa a actividades de xogos de azar e apostas. Esta rama non forma parte do sector cultural galego, tal e como se define na conta satélite. Tampouco a rama 93 (actividades deportivas, recreativas e de entretemento) forma parte do mesmo. Pero non por isto se debe prescindir do agregado 90-93 xa que, de facelo, estaríase deixando fóra unha parte importante da cultura de Galicia. Agora ben, hai que ser consciente de que a inclusión da rama 92 pode distorsionar a análise que se vai realizar nos apartados 3 e 4.
- Nas ramas 90 e 91 inclúese unha parte importante do gasto que as Administracións Públicas Central, Autonómica e Local realizan na cultura galega. De non incluílas na análise, deixaríase fóra unha parte importante das actividades de promoción e regulación da cultura desenvolvidas polas administracións públicas en Galicia.

O peso da parte non cultural nestas ramas pode ter unha evolución diferente á parte cultural. Ademais a participación na composición do sector difire por países, feito que debemos ter presente nas conclusións extraídas do bloque terceiro e cuarto deste documento.

¹¹ Véxase EUROSTAT (2000); European Statistical System Network on Culture (ESSnet_Culture) (2012); UNESCO. Institute for Statistics (1986, 2009)

Táboa 2 Delimitación das ramas da CNAE-2009 (ou parte destas) incluídas nos agregados utilizados nos distintos apartados do informe

RAMAS CNAE-09	DESCRIPCIÓN CNAE	Conta Satélite da Cultura *	Ramas característ. **
18	Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	SI	SI
20.59(p)	Fabricación de produtos químicos para as industrias culturais	SI	NON
26.3(p)+26.4(p)+26.7+26.8	Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	SI	NON
32.2	Fabricación de instrumentos musicais	SI	NON
46.43(p)+ 46.49(p)	Comercio por xunto de artigos culturais e aparellos para a súa reprodución	SI	NON
47.1(p)+47.43+47.61+47.62(p)+47.63+47.78(p)+47.79(p)+ 47.91(p)+47.99(p)	Comercio a retallo de artigos culturais e aparellos para a súa reprodución	SI	NON
58.1	Edición de libros, xornais e outras actividades editoriais	SI	SI
58.2	Edición de programas informáticos	NON	SI
59	Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical	SI	SI
60	Actividades de programación e emisión de radio e televisión	SI	SI
63.91	Actividades das axencias de noticias	SI	NON
71.11	Servizos técnicos de arquitectura	SI	NON
73.1	Publicidade	SI	SI
73.2	Estudos de mercado e realización de enquisas de opinión pública	NON	SI
74.1+74.2+ 74.9(p)	Outras actividades profesionais, científicas e técnicas relacionadas coa cultura	SI	NON
77.22	Aluguer de fitas de vídeo e discos	SI	NON
84.12(p)	Regulación das actividades culturais	SI	NON
90	Actividades de creación, artísticas e espectáculos	SI	SI
91	Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais	SI	SI
92	Actividades de xogos de azar e apostas	NON	SI
93	Actividades deportivas, recreativas e de entretemento	NON	SI

(p) Non se inclúe a rama ou a división da CNAE-2009 ao completo, senón só unha parte da mesma

* Actividades incluídas na análise da “Conta Satélite da Cultura” de Galicia según CNAE-09 (apartado 2 deste informe)

** Actividades incluídas no agregado utilizado nos apartados 3 e 4 deste informe según CNAE-09

2 A Conta Satélite da Cultura de Galicia de 2011

A “Conta Satélite da Cultura” é unha operación do Sistema de Contas Económicas de Galicia. O seu obxectivo principal é proporcionar un sistema de medición económica do sector cultural, que permita valorar a importancia deste no conxunto da economía galega, así como pór de manifesto a estrutura produtiva das diferentes actividades culturais.

Os conceptos que se manexan na conta satélite coinciden cos do Sistema de Contas Económicas e as súas operacións integrantes. Ambos elabóranse seguindo as recomendacións do Sistema Europeo de Contas (SEC-2010)¹². A operación ofrece estimacións do sector cultural principalmente polo lado da oferta, aínda que tamén se calculan algunhas magnitudes da demanda. O universo obxecto de estudo son as industrias culturais, agrupadas en ramas de actividade, tal e como foron definidas no apartado anterior. A unidade última da que se dispón de información é a empresa ou organismo (no caso do sector público). Dende o enfoque da oferta, para incluír unha empresa dentro do ámbito que nos atinxe, analízase que tipo de produtos fabrica; se a súa actividade principal (aquela que xera maior valor engadido) pertence ao ámbito da cultura, pasa a formar parte da conta satélite. Polo lado da demanda, o foco de atención recae, non nas industrias, senón nos produtos culturais, sen importar que estes sexan producidos de forma principal por unha empresa das chamadas culturais ou, de forma secundaria ou auxiliar, por unha empresa pertencente a outra rama de actividade¹³. Ademais, dende este enfoque, débense incluír tanto os bens e servizos culturais producidos dentro do territorio económico de Galicia, como os procedentes do comercio exterior.

A partir das fontes de información mencionadas, a delimitación do sector establecida e tendo en conta os principios reitores do SEC-2010, elabóranse a conta de produción e de explotación do sector cultural galego. Isto permite cuantificar a achega do sector ao Produto Interior Bruto (PIB) de Galicia. Tamén se ofrecen indicadores sobre o volume de emprego, o gasto en consumo final dos fogares e das administracións públicas. Finalmente, o sector cultural divídese en distintos subsectores en función do tipo de actividade cultural, así como en fases atendendo a súa situación dentro da cadea produtiva dos bens e servizos culturais. Para cada

¹² Para unha descrición máis completa da operación, consultar o seguinte enderezo web, que conduce á metodoloxía da operación :

http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_CSCultura2011_Base2010_gl.pdf

¹³ No enfoque da demanda é preciso, ao igual que no caso da oferta, determinar que produtos forman parte do ámbito da cultura. Para elo utilízase a Clasificación nacional de Produtos por Actividades (CPA-2008). Para consultar cales son estes produtos, véxase a metodoloxía da operación.

un destes sectores e fases, calcúlase a conta de produción e o volume de emprego, tanto asalariado como non asalariado. Os resultados presentados corresponden ao ano 2011.

2.1 A cultura na economía galega

O sector da cultura achega o 2% do produto interior bruto (PIB) de Galicia. A produción das industrias culturais en 2011 ascendeu a 2.127.447 miles de euros. Tendo en conta que os seus consumos intermedios se situaron nos 1.023.528 miles de euros, isto implica que as industrias culturais xeraron un valor engadido superior aos mil cen millóns de euros en 2011.

Táboa 3 As magnitudes da cultura en Galicia e peso destas na economía galega. Ano 2011

Unidade: miles de euros (prezos correntes); porcentaxe (%); postos de traballo

Variable	Valor	Peso
Conta de produción da cultura		
- Produción	2.127.447	1,9%
- Consumos intermedios	1.023.528	1,7%
- Valor Engadido Bruto (VEB)	1.103.919	2,0%
Conta de explotación da cultura		
- Remuneración de asalariados	668.629	2,5%
- Outros impostos sobre a produción netos de subvencións	- 24.185	-39,5%
- Excedente de Explotación Bruto (EEB)/Renda mixta bruta	459.475	1,8%
Postos de traballo equivalentes a tempo completo		
- Totais	30.828	3,0%
- Asalariados	24.661	2,9%
- Non asalariados	6.167	3,5%
Gasto en consumo final das Administracións Públicas en cultura	367.627	3,0%
Gasto en consumo final dos fogares en cultura	1.002.728	2,9%

Nota: no caso do VEB, a porcentaxe do 2% refírese ao peso do VEB das industrias culturais, non no VEB total da economía, senón no PIB de Galicia en 2011.

Fonte: IGE. *Conta Satélite da Cultura de Galicia. Base 2010*

Para contextualizar adecuadamente o sector na economía de Galicia, pódese comparar a súa achega ao PIB co doutros sectores característicos do complexo produtivo galego. Por diante del sitúanse sectores coma o da fabricación de automóviles e compoñentes ou o sector da pesca, que achegan respectivamente o 2,3% e o 2,1% do PIB de Galicia en 2011. Ambos complexos produtivos foron estudados no seu momento en informes similares ao que agora se

presenta para a cultura. Non obstante, o sector cultural sitúase por diante en 2011 doutro dos complexos característicos da economía galega, a cadea forestal-madeira, que tamén foi estudado con detemento no 2013¹⁴. Esta achega o 1,8% do PIB de Galicia en 2011.

Táboa 4 Achega ao PIB e ao total dalgúns complexos produtivos característicos da economía galega. Ano 2011

Unidade: peso do VEB do sector no PIB de Galicia, peso do emprego do sector no total de Galicia (%)

Nome	Códigos CNAE-2009	Achega ao PIB	Achega ao emprego
Complexos produtivos xa analizados:			
Fabricación de automóbiles e compoñentes	29	2,3%	1,7%
Sector da pesca	03,102	2,1%	2,9%
Sector cultural	*	2,0%	3,0%
Cadea forestal madeira	02,16,17,31	1,8%	2,3%

* Consultar as táboas do anexo

Nota: o emprego mídese en postos de traballo equivalentes a tempo completo.


Fonte: IGE. *Contas económicas de Galicia. Base 2010. Serie 2000-2013*

A produción do sector representa o 1,9% da produción total da economía galega, cifra lixeiramente inferior á achega do valor engadido bruto (VEB) do sector. Se se analiza a composición desta magnitude e se compara coa do conxunto da economía, obsérvase que o ratio entre consumos intermedios e produción é inferior no sector da cultura á do total de Galicia: para a produción de 100 euros neste sector empréganse bens e servizos por valor de 48 euros, namentres que o conxunto da economía galega precisa 51 euros para producir 100. Esta casuística adoita presentarse nas ramas do sector servizos e, posto que, como se observa nas táboas 16 e 17 do anexo, a meirande parte das actividades involucradas na conta satélite pertencen a ramas dos servizos, o resultado é coherente co que cabía esperar.

¹⁴ A análise da cadea forestal-madeira foi, de feito, o primeiro estudo que se realizou en cumprimento da Actividade de interese estatístico (AIE13) "Análise estatística de sectores produtivos e da estrutura económica en xeral". Seguíronlle a análise do sector da automoción, difundida en 2014, e a análise do sector da pesca, en 2015. Poden consultarse estes tres estudos no catálogo de publicacións da web do IGE: <http://www.ige.eu/web/Controlador?operacion=mostrartemas&paxina=004001001&idioma=gl>

Gráfico 1 Composición da produción no sector da cultura e comparativa coa composición do total da economía. Ano 2011

Unidade: porcentaxe (%)



Fonte: elaboración propia a partir de IGE. *Contas económicas de Galicia. Base 2010. Serie 2000-2013*; IGE. *Conta Satélite da Cultura de Galicia. Base 2010*

É de salientar tamén o feito de que a magnitude dos outros impostos sobre a produción netos de subvencións no sector da cultura fose negativa en 2011. Trátase dun complexo no que o financiamento recibido das administracións públicas xoga un papel importante na produción.

A remuneración de asalariados situouse nos 668.629 miles de euros, o que supón o 2,5% da remuneración total da economía galega. As industrias culturais ocuparon a unhas 30.828 postos de traballo equivalentes en 2011; delas, o 80% era emprego asalariado e o 20% restante emprego autónomo. O sector cultural ocupa ao 3% dos traballadores e traballadoras de Galicia. No conxunto da economía galega a taxa de asalarización é lixeiramente superior ao valor do sector cultural; sitúase no 83,2%, o que implica que o peso do emprego autónomo nas industrias culturais é superior á media galega. Como se verá máis adiante, en determinadas actividades enmarcadas dentro do ámbito cultural a representación desta modalidade contractual é moi elevada: sitúase por riba do 30% do total do emprego.

Ao igual que se fixo coa achega ao PIB, tamén se pode comparar a achega ao emprego galego do sector cultural coa doutros sectores característicos. Neste caso, o complexo produtivo analizado supera aos restantes estudados en informes previos: o sector da pesca achega o 2,9% do emprego total da economía galega, a cadea forestal-madeira o 2,3% e o sector da automoción o 1,7%.

Polo lado da demanda, o gasto das Administracións Públicas en bens e servizos culturais situouse en 2011 nos 367.627 miles de euros, mentres que o dos fogares ascendeu aos 1.002.728 miles de euros. Isto supón case o 3% do gasto total dos fogares en 2011.

2.2 Conta de produción e emprego por sectores


O sector con maior peso na cultura galega é o das artes visuais, que achega o 35,1% do valor engadido bruto (VEB) xerado polas industrias culturais en Galicia. Baixo esta denominación agrúpase todo tipo de artes cuxo elemento diferenciador é o uso na súa forma de expresión de materiais tales como a pintura e a escultura; tamén inclúe a fotografía, a publicidade, a arquitectura e as actividades de deseño especializado, especialmente relevantes na nosa economía.

Ségueo en importancia o sector dos libros e da prensa, que achega o 26,8% do VEB cultural. A continuación sitúanse o audiovisual e multimedia (radio, televisión, cine, vídeo e música gravada), co 16,8% do VEB; as actividades de explotación do patrimonio artístico e monumental, arquivos e bibliotecas, co 9,3%; e, finalmente, as artes escénicas (teatro, ópera, concertos musicais, e outros moitos tipos de espectáculos escénicos en vivo), co 7,8%. O 4,2% restante corresponde ás actividades de regulación e promoción levadas a cabo polas administracións públicas no eido da cultura, que se inclúen no sector “interdisciplinar”, ante a imposibilidade de asignalas a un sector concreto.

En termos de emprego, a distribución por sectores é moi similar á presentada para o VEB, coa salvedade de que, neste caso, o sector dos libros e da prensa ten máis peso no emprego cultural total que o das artes visuais: uns 9.659 ocupados traballan no sector dos libros e prensa, fronte ás 9.517 persoas que prestan os seus servizos no das artes visuais.

Gráfico 2 Valor Engadido Bruto (VEB) por sectores culturais. Ano 2011


Unidade: porcentaxe (%)



Fonte: IGE. Conta Satélite da Cultura de Galicia. Base 2010

Gráfico 3 Postos de traballo equivalentes a tempo completo por sectores culturais. Ano 2011

Unidade: porcentaxe (%) e postos de traballo




Fonte: IGE. Conta Satélite da Cultura de Galicia. Base 2010

Se se analiza a taxa de asalarización por sectores, obsérvase que hai dous complexos culturais nos que esta taxa ascende ao 100%. Trátase do sector de patrimonio artístico e monumental, arquivos e bibliotecas e o do sector interdisciplinar. Débese a que a presenza do sector público en ambos é maioritaria (exclusiva no caso do sector interdisciplinar, como se expuxo con anterioridade). No caso dos arquivos e das bibliotecas, aínda que é certo que existen algunhas no territorio galego de titularidade privada, estas soen estar en mans do sector público ou xurdir a iniciativa de institucións sen fins de lucro, polo que a presenza do emprego autónomo é inexistente.

É de salientar, así mesmo, o elevado peso do traballo por conta propia nos sectores dos libros e da prensa e, en especial, no das artes visuais. Nestes o emprego autónomo representa o 24,8% e 34% respectivamente do emprego total do sector.

Gráfico 4 Distribución dos postos de traballo equivalentes a tempo completo entre asalariables e non asalariables. Ano 2011

Unidade: porcentaxe (%)



Fonte: IGE. Conta Satélite da Cultura de Galicia. Base 2010

2.3 Conta de produción e emprego por fases


Atendendo á situación que ocupan dentro da cadea de produción, as actividades culturais divídense en cinco fases: creación e produción, fabricación, difusión e distribución, promoción e regulación, e actividades auxiliares. O cálculo da conta de produción do sector cultural por fases permite determinar que valor se engade en cada fase ao produto final.

Como se observa no gráfico seguinte, a meirande parte do valor engadido polas industrias culturais se xera na primeira fase da cadea produtiva (exactamente, o 70,6%). Nesta primeira fase de creación ou produción inclúense as actividades relacionadas coa elaboración de ideas artísticas e coa definición do produto ou servizo cultural.

Na seguinte fase da cadea produtiva, que corresponde á de fabricación en serie de bens culturais, engádese o 10,9% do valor total dos bens e servizos culturais. Hai que ter en conta que o sector aglutina actividades moi diferentes entre si, polo que é posible que a produción de determinados bens non requira desta fase de fabricación en serie; pode ser o caso, por exemplo, da elaboración de determinadas obras de arte ou producións artesanais, das que só se elaboran uns poucos exemplares.

Gráfico 5 Valor Engadido Bruto (VEB) por fases culturais. Ano 2011

Unidade: porcentaxe (%)




Fonte: IGE. *Conta Satélite da Cultura de Galicia. Base 2010*

Na fase de difusión, distribución e comercialización dos bens culturais xérase o 12,6% do valor engadido total do sector; o 5,8% restante engádesse nas fases de promoción e regulación e nas actividades auxiliares ás restantes fases.

Case o 65% dos postos de traballo xerados polo sector cultural en 2011 pertencen á fase de creación e produción: uns 19.946 empregos, dos 30.828 que xera o sector. Séguena en importancia, pero a moita distancia, as fases de difusión, distribución e comercialización, co 19,7% do emprego cultural total (uns 6.000 postos), e a de fabricación, co 10,9% (3.300 postos).

Gráfico 6 Postos de traballo equivalentes a tempo completo por fases culturais. Ano 2011

Unidade: porcentaxe (%) e postos de traballo



Fonte: IGE. Conta Satélite da Cultura de Galicia. Base 2010


Ao igual que no caso dos sectores, a meirande parte dos postos de traballo no sector cultural están ocupados por persoal asalariado. Non obstante, nas actividades auxiliares obsérvase unha maior prevalencia do traballo autónomo. Esta categoría comprende unha variada gama de actividades nas que se producen bens e servizos necesarios nas fases de fabricación ou distribución (por exemplo, consumos intermedios ou bens de capital necesarios para a fabricación de produtos culturais, coma os instrumentos musicais, ou produtos necesarios para

que o consumidor poida desfrutar do ben cultural, coma os reprodutores de vídeo e audio). Nesta fase, o 32,5% dos postos están ocupados por traballadores por conta propia.

Ao igual que sucedía no apartado dedicado á análise dos subsectores, na fase de promoción e regulación non existe emprego por conta propia, xa que se trata de actividades reservadas ao ámbito da función pública.

Gráfico 7 Distribución dos postos de traballo equivalentes a tempo completo entre asalariados e non asalariados. Ano 2011

Unidade: porcentaxe (%)



Fonte: IGE. Conta Satélite da Cultura de Galicia. Base 2010

2.4 Comparativa con España, Andalucía e Cataluña

Como se comentou no apartado 1.1, en España existen outros organismos que elaboran contas satélite da cultura similares á galega. A nivel estatal, o *Ministerio de Educación, Cultura y Deporte*, en colaboración co *Instituto Nacional de Estadística* (INE), leva traballando dende o ano 2005 nesta labor. Froito desta colaboración, xorde a “*Cuenta Satélite de la Cultura en España*”, da que se difundiron resultados dos anos 2000-2007 en base 2000, e dos anos 2008-2012 en base 2008. Na actualidade, traballan na difusión dos resultados do exercicio 2013.

A delimitación da conta galega comprende practicamente todas as actividades incluídas na española, coa excepción das ensinanzas culturais (unha parte da rama 85 da CNAE-2009). O motivo que levou a non considerala no caso galego foi que non se dispón de información co suficiente grao de detalle como para illar as actividades educativas relacionadas coa cultura. Outro punto importante no que existe discrepancia entre ambas contas é no das actividades vencelladas á publicidade, que non se inclúen na española, pero sí na galega. A pesar de todo, a magnitude destas diferenzas non é tan grande como para impedir a comparabilidade de ambas fontes.

Dende as Comunidades Autónomas, destacan as iniciativas do *Institut d'Estadística de Catalunya* (IDESCAT), e da *Consejería de Cultura da Junta de Andalucía*. O instituto de estatística catalán difundiu en 2009 unha completa conta satélite da cultura rexional, con resultados referidos ao ano 2005. Esta foi a primeira e, de momento, única iniciativa ao respecto; pero, para suplir en parte a información que proporciona unha conta satélite, dispoñen da que lles subministra outra operación, a “*Estadística y cuentas de las empresas culturales*”. Trátase dunha estatística de síntese que recolle un conxunto de magnitudes económicas e de indicadores das empresas do ámbito cultural. A delimitación do sector utilizada polo IDESCAT nesta fonte baseouse nas recomendacións do *ESSnet-Culture* e da UNESCO, ao igual que nos casos español e galego, polo que estas fontes son comparables entre sí.

Os andaluces gozan, se cabe, de aínda máis experiencia no eido que nos ocupa, xa que veñen realizando unha conta satélite da cultura rexional, de forma ininterrompida e con carácter anual, dende 2005. Nesta tarefa, contan co asesoramento do *Instituto de Estadística y Cartografía de Andalucía*. A primeira serie de resultados que publicaron data dos exercicios 2005 a 2009 (en base 2000); recentemente, publicaron datos provisionais do ano 2010 pero, como se pode ler na súa web, ambas series non son comparables. Isto é debido a que os primeiros traballos foron realizados seguindo unha metodoloxía propia e utilizando unha delimitación da cultura que non se correspondía estritamente coa deseñada pola Unión Europea. A finais de 2012, a *Consejería de Cultura* levou a cabo unha profunda revisión do marco conceptual e adaptou a metodoloxía da súa conta satélite ás recomendacións do *ESSnet-Culture*. Polo tanto, aínda que os datos da primeira serie non son comparables cos da conta galega, cos de 2010 sí poden realizarse comparacións.

Unha vez comentadas algunhas especificacións metodolóxicas sobre as distintas fontes estatísticas que se van presentar neste apartado, pásase a analizar os datos. Na táboa seguinte

preséntase a achega do sector cultural ao PIB da rexión no conxunto do Estado, en Cataluña, en Andalucía e en Galicia. Esta achega no caso español sitúase no 2,7% do PIB en 2011. Nas restantes rexións o peso do sector cultural na economía é bastante inferior: en Cataluña o dato supera por unha décima ao galego (o sector cultural catalán achega o 2,1% do PIB da economía da rexión en 2011) e en Andalucía o peso é inferior ao galego (o 1,8% do PIB andaluz en 2010).

Táboa 5 Achega do sector cultural ao PIB rexional. España, Cataluña, Andalucía e Galicia. Anos 2010 e 2011

Unidade: peso do VEB do sector no PIB (%)

Ámbito xeográfico	Ano	Achega ao PIB
España *	2011	2,7%
Cataluña **	2011	2,1%
Andalucía ***	2010	1,8%
Galicia	2011	2,0%

* O dato de España proceden da *Cuenta Satélite de la Cultura en España*; está en base 2008.

** O dato de Cataluña procede da información proporcionada pola *Estadística y cuentas de las empresas culturales*. Na dita fonte non se ofrece o peso da cultura no PIB da rexión; esta porcentaxe calculouse a partir do VEB cultural en valores absolutos ofrecido na fonte anterior e o PIB da economía catalana publicado no seu sistema de contas anuais. Os datos están en base 2010.

*** O dato de Andalucía procede da *Cuenta Satélite de la Cultura en Andalucía*. Na dita conta tampouco se ofrece o peso do sector no PIB da rexión, polo que foi calculado a partir do VEB cultural en valores aboslutos proporcionado por esta fonte, e o PIB da economía andaluza publicado no seu sistema de contas. Os datos están en base 2010.

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Cuenta Satélite de la Cultura en España. Base 2008*; IDESCAT. *Estadística y cuentas de las empresas culturales*; IDESCAT. *Cuentas económicas anuales de Cataluña (PIB). Base 2010*; Junta de Andalucía. Consejería de Cultura. *Cuenta Satélite de la Cultura en Andalucía*; Instituto de Estadística y Cartografía de Andalucía. *Contabilidad Anual Regional de Andalucía. Base 2010. Serie 1995-2014*; IGE. *Conta Satélite da Cultura de Galicia. Base 2010*

Restrinxindo a comparativa aos datos da conta satélite española, obsérvase que tamén no caso do emprego a achega do sector cultural no conxunto do Estado é superior á achega no caso galego: as actividades culturais ocupan o 3,3% dos postos de traballo ofertados en España, mentres que en Galicia ocupan o 3% dos postos totais¹⁵. Agora ben, se se elimina do dato español o emprego que xeran as actividades educativas relacionadas coa cultura (que se inclúen na conta española pero non na galega), o peso do sector no emprego total en España sitúase no 3%, igual ao dato galego.

¹⁵ Na “*Cuenta Satélite de la Cultura en España*” o emprego mídese, ao igual que no caso galego, en postos de traballo equivalentes a tempo completo.

Táboa 6 As magnitudes da cultura en Galicia e en España; peso destas na economía galega e na española. Ano 2011

Unidade: miles de euros (prezos correntes); porcentaxe (%)

Variable	Galicia		España		
	Valor	Peso	Valor	Peso (con educación)	Peso (sen educación)
Valor Engadido Bruto (VEB)	1.103.919	2,0% *	27.433.000	2,7% *	2,4% *
Emprego					
- Totais	30.828	3,0%	562.600	3,3%	3,0%
- Asalariados	24.661	2,9%	443.000	3,0%	2,6%

Nota: esta porcentaxe refírese ao peso do VEB das industrias culturais no PIB total da economía; o emprego mídese en postos de traballo equivalentes a tempo completo. Os datos de España están na base 2008; os de Galicia, en base 2010.

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Cuenta Satélite de la Cultura en España. Base 2008*; IGE. *Conta Satélite da Cultura de Galicia. Base 2010*

Finalmente, os sistemas de contas galego e español permiten determinar o peso de Galicia no conxunto do Estado: en 2011 a economía galega xerou aproximadamente o 5,2% do VEB total de España, e o 5,7% do emprego. O peso deste sector no conxunto de España en termos de VEB é inferior ao peso de Galicia na economía española: o valor engadido bruto do sector cultural en Galicia representa o 4,5% do VEB obtido da “*Cuenta Satélite de la Cultura en España*”. Pola contra, en termos de emprego a achega do sector ao emprego cultural é superior á achega ao emprego: as actividades culturais de Galicia ocupan ao 6,1% do emprego das actividades culturais españolas (sen ter en conta, claro está, as relacionadas coa educación para que a comparación sexa homoxénea).

3 O sector cultural a través das ramas características

Neste apartado analizarase o sector cultural tendo en conta as ramas características definidas no apartado 1. Con esta forma de achegarse ao sector soluciónanse dúas eivas da análise a partir da Conta Satélite: pódese dar unha visión temporal e por outra banda pódense realizar comparacións internacionais.

Táboa 7 Delimitación do sector cultural segundo ramas características e segundo Conta Satélite

	CNAE-09	DESCRIPCIÓN CNAE	Parte da rama que non é estritamente CULTURA
RAMAS CARACTERÍSTICAS: Actividades incluídas dentro das ramas características do sector	18	Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	
	58	Edición	58.2 Edición de programas informáticos
	59	Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical	
	60	Actividades de programación e emisión de radio e televisión	
	73	Publicidade	73.2 Estudos de mercado e realización de enquisas de opinión
	90_93	Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	92 Actividades de xogos de azar e apostas 93 Actividades deportivas, recreativas e de entretemento
CONTA SATÉLITE DA CULTURA: Actividades incluídas na Conta Satélite Non incluídas neste bloque de análise	20 (p)	Fabricación de produtos químicos para as industrias culturais	
	26 (p)	Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	
	32 (p)	Fabricación de instrumentos musicais	
	46 (p)	Comercio por xunto de artigos culturais e aparellos para a súa reprodución	
	47 (p)	Comercio a retalho de artigos culturais e aparellos para a súa reprodución	
	47 (p)	Actividades das axencias de noticias	
	63 (p)	Servizos técnicos de arquitectura	
	71 (p)	Outras actividades profesionais, científicas e técnicas relacionadas coa cultura	
	74 (p)	Aluguer de fitas de vídeo e discos	
	77 (p)	Regulación de actividades culturais	
	84 (p)		

Porén, esta visión do sector perde precisión na súa medición xa que con esta selección de ramas estanse incluíndo actividades non culturais na análise (como as actividades deportivas

ou recreativas, ou os estudos de mercado) e tamén haberá determinadas actividades culturais que non se terán en conta, como se pode ver na táboa 7.

Na publicación “Contas Económicas Anuais” que realiza o IGE estas actividades recóllense en seis ramas de actividade:

- R18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados
- R58 Edición
- R59_60 Actividades cinematográficas de video e televisión, gravación de son e edición musical; actividades de programación e emisión de radio e televisión
- R73 Publicidade e estudos de mercado
- R90_93M Actividades artísticas, recreativas e de entretemento de mercado
- R90_93NM Actividades artísticas, recreativas e de entretemento de non mercado

Esta desagregación está dispoñible dende o ano 2005 o que permite realizar análises da evolución no tempo do sector así definido. Esta forma de achegarse ao sector permite tamén realizar comparacións interesaciais, xa que as economías da nosa contorna dispoñen de datos nos seus agregados macroeconómicos cunha desagregación similar á nosa. Estas dúas análises realízanse no presente capítulo.


3.1 O sector na economía galega a través das ramas características

O sector caracterizado segundo a táboa 7 achegaba no ano 2013 un 2,2% do PIB de Galicia, 1.218 millóns de euros en termos absolutos. Esta achega é lixeiramente inferior á media dos últimos anos, que situaban ao sector nun 2,4% da economía galega. Dende o ano 2005 a 2013, mentres a economía medrou a taxas medias en termos correntes de 1,7%, o sector fíxoo 7 décimas menos. Este diferencial é especialmente forte nos anos 2009-2013 nos que as ramas características do sector caeron de media anual un 2,5%.

É de interese, do mesmo modo que se fixo no apartado 2, confrontar este dato coa achega doutros sectores característicos da economía galega. No seguinte gráfico amósase a importancia do sector cultural en termos de valor engadido á nosa economía:

Gráfico 8 Achega ao Produto interior bruto. Diversos sectores económicos

Unidade: porcentaxes (%)



Fonte: elaboración propia a partir de IGE. *Contas económicas anuais. Base 2010*

Entre paréntese os códigos CNAE incluídos nestes sectores

En termos de emprego o sector ocupa máis de 32.000 persoas¹⁶ en 2013, o que representa o 3,1% do total de Galicia. A evolución do emprego no sector foi máis favorable que no conxunto da economía. Dende o ano 2009 ao 2013 o sector perdeu un 5% do seu emprego mentres a economía galega facíao nun 12%.

Táboa 8 As cifras das ramas características do sector cultural

	Total Economía	Total ramas características
PIB (valor engadido bruto xerado). Miles de euros. Ano 2013	54.842.272	1.217.795
Peso no PIB. Ano 2013	-	2,2
Peso no PIB. Promedio 2005-2013	-	2,4
Taxa de crecemento media 2005-2013	1,7	1,0
Taxa de crecemento media 2009-2013	-0,9	-2,5
Emprego. Número de persoas	1.059.256	32.416
Peso do emprego na economía. Ano 2013	-	3,1
Peso do emprego na economía. Promedio 2005-2013	-	2,9
Taxa de crecemento media 2005-2013	-1,4	-0,0
Taxa de crecemento media 2009-2013	-3,2	-1,2


"-": Non procede

Fonte: elaboración propia a partir de IGE. *Contas económicas anuais. Base 2010*

¹⁶ No segundo bloque deste documento falabamos de emprego equivalente a tempo completo. Para falar de emprego neste apartado utilizaremos o termo persoas, co obxectivo de ter realizar comparacións homoxéneas en termos de emprego con outros espazos (España, UE).

Gráfico 9 A evolución do sector cultural a través das súas ramas características

Unidade: Producción e valor engadido bruto en miles de euros; Empleo en número de persoas



Fonte: elaboración propia a partir de IGE. *Contas económicas anuais. Base 2010*

A produtividade, medida como o cociente entre o valor engadido bruto e as horas traballadas, describe un sector cunha produtividade inferior á media da economía galega no ano 2013; porén, se consideramos un período máis amplo a produtividade do sector está en niveis similares aos da economía galega. A perda de emprego, superior no total da economía que no sector, provoca que o ratio de produtividade teña evolucionado peor no sector cultural.

Táboa 9 Produtividade e remuneración media nas ramas características do sector. Datos en euros

	Produtividade: VEB / hora traballada			Remuneración media por hora traballada asalariada		
	2013	Media 2005-2013	Media 2009-13	2013	Media 2005-2013	Media 2009-13
Cultura	23,1	23,6	24,6	17,5	16,7	18,1
Total economía	25,6	23,0	24,7	16,0	14,9	15,9

Fonte: elaboración propia a partir de IGE. *Contas económicas anuais. Base 2010*

A remuneración media por hora asalariada é superior á media galega, tanto no ano 2013 como considerando períodos máis amplos de tempo.


3.2 A composición interna do sector

As seis ramas de actividade do Sistema de Contas Económicas do IGE que forman o sector teñen un peso moi diferente. As “Actividades artísticas, recreativas e de entretemento” achegan en 2013 un 69% do VEB cultural conxuntamente, se ben destaca a rama de mercado cunha achega crecente dende o ano 2005.

O sector da edición, que en 2005 achegaba un 12% do VEB cultural reduce a súa xerarquía no sector cunha achega do 6% en 2013. Tamén perden peso a publicidade e as actividade relacionadas co audiovisual, mentres as artes gráficas manteñen a súa presenza.

Gráfico 10 Distribución do VEB cultural por ramas de actividade

Unidade: porcentaxes (%)




Fonte: elaboración propia a partir de IGE. *Contas económicas anuais. Base 2010*

En termos de emprego a situación é máis equilibrada e as ramas artísticas, recreativas e de entretemento representan o 62% do emprego no sector en 2013. Tamén se aprecia unha tendencia crecente no período analizado, posto que en 2005 a súa achega era do 56%.

As actividades de publicidade e as artes gráficas teñen unha maior presenza en termos de emprego que en termos de VEB.

Gráfico 11 Distribución do emprego por rama de actividade

Unidade: porcentaxes (%)



Fonte: elaboración propia a partir de IGE. *Contas económicas anuais. Base 2010*


3.3 O sector no contexto internacional

A achega do sector en Galicia é inferior á achega noutros espazos como España e a Unión Europea. En España, as ramas de actividade características da cultura, representaban en 2013 un 3,1% do PIB total; na UE-28 o peso en 2013 é do 3%. Hai que resaltar que a achega do sector cae lixeiramente dende o ano 2005 tanto en Galicia, como en España e na UE-28.

En termos de emprego apréciase certa estabilidade da porcentaxe de emprego cultural no total dos empregos na economía española e europea: hai pouca diferenza entre o promedio do período e o dato do 2013. En Galicia as ramas culturais tenden a gañar peso no conxunto do emprego, o que fala dun sector que, comparativamente, resistiu mellor o período de contracción, cando menos en termos de persoas ocupadas.

Gráfico 12 Peso das ramas culturais no conxunto da economía. Valor engadido bruto e emprego.

Unidade: porcentaxes (%)



Fonte: elaboración propia a partir de IGE. *Contas económicas anuais. Base 2010*; INE. *Contabilidad Nacional de España. EUROSTAT. National Accounts*


A composición interna do sector marca algunha das diferenzas entre as ramas culturais en Galicia e nas economías da contorna, e contribúe a explicar por qué en Galicia o peso destas actividades na economía é inferior. No seguinte gráfico utilízase o promedio dos anos 2009-13 para analizar a estrutura interna tanto en termos de valor económico xerado como en termos de persoas ocupadas.

En termos de valor engadido xerado apréciase que tanto na UE como en España a achega das “Actividades artísticas, recreativas e de entretemento” é moi inferior, mentres que outras ramas como as relacionadas co audiovisual ou a edición teñen un peso relativo moi superior. Así, mentres a “Edición” achega o 7% do VEB das ramas culturais en Galicia, a participación deste subsector sobe ao 11 e 18% respectivamente en España e UE28. A publicidade ten unha achega do 5% no total das ramas culturais da nosa comunidade, porcentaxe que chega ao 15% na media da Unión Europea.

En Galicia o peso das “Actividades artísticas, recreativas e de entretemento” supera os dous terzos do sector, mentres en España representan o 51% e na media da Unión Europea o 40%.

Gráfico 13 Composición interna do sector en termos de valor engadido e emprego. Galicia, España e UE28. Anos 2009-2013

Unidade: porcentaxes (%)




Fonte: elaboración propia a partir de IGE. *Contas económicas anuais. Base 2010*; INE. *Contabilidad Nacional de España. EUROSTAT. National Accounts*

As diferenzas na composición do sector en termos de emprego non son tan relevantes. En Galicia priman as actividades artísticas, recreativas e de entretemento, isto é, as relativas á división R da CNAE, pero a achega do emprego de sectores como o audiovisual ou as artes gráficas é similar á de España ou da Unión Europea.

Un dos condicionantes do reducido peso das ramas culturais no conxunto da economía é a baixa produtividade do factor traballo. No seguinte gráfico, para o período 2009-13, represéntase o cociente valor engadido bruto por emprego (persoas) como indicador da produtividade de cada unidade de forza de traballo. En todas as ramas de actividade, agás nas artísticas, recreativas e de entretemento, a produtividade galega é inferior á española e europea. Son especialmente relevantes as diferenzas no sector do audiovisual ou da edición, e no conxunto do sector cultural a UE supera nun 27% á produtividade galega.

Gráfico 14 Produtividade: valor engadido entre persoas ocupadas. Galicia, España e UE28. Anos 2009-2013

Unidade: euros por persoa ocupada




Fonte: elaboración propia a partir de IGE. *Contas económicas anuais. Base 2010*; INE. *Contabilidad Nacional de España. EUROSTAT. National Accounts*

3.3.1 Análise por países

No contexto da UE28 existen diferenzas significativas entre a achega do sector nun e noutros países. Así, mentres en Malta a achega das ramas culturais á economía é próxima ao 10% do PIB, en Portugal esta porcentaxe é do 1,8%. Irlanda é outro Estado membro da Unión no que o peso da cultura é especialmente relevante (6,2%), e séguelle en orde de importancia cuantitativa Reino Unido (3,6%). Outros seis Estados teñen unha achega do sector cultural superior á media comunitaria. Son Eslovaquia, Letonia, España, Suecia, Alemaña e Dinamarca. Galicia sitúase cun peso 6 décimas inferior á media.

Gráfico 15 Achega do sector cultural ao PIB. Países da UE. Anos 2009-2013

Unidade: porcentaxe (%)




Fonte: elaboración propia a partir de IGE. *Contas económicas anuais. Base 2010*; INE. *Contabilidad Nacional de España. EUROSTAT. National Accounts*

(*) Luxemburgo non dispón de datos sobre o valor engadido das “Artes gráficas e reprodución de soportes gravados” polo que podemos estar infraestimando este ratio sobre o PIB

O perfil dos países nos que as ramas culturais teñen unha presenza tan importante nas súas economías é moi diferente. En Malta o principal subsector é, como no caso de Galicia, as “Actividades artísticas, recreativas e de entretemento” que representa o 79% do sector cultural. En Irlanda son as actividades da edición as que teñen maior peso (dous terzos do sector), mentres no Reino Unido as actividades relacionadas co audiovisual representan o 22% do valor engadido cultural total.

Gráfico 16 Distribución do VEB cultural por subsectores. Galicia, Malta, Irlanda e Reino Unido. Anos 2009-13

Unidades: porcentaxe (%)



Fonte: elaboración propia a partir de IGE. *Contas económicas anuais. Base 2010; EUROSTAT. National Accounts*

3.4 A dimensión territorial do sector

Neste apartado analízase o emprazamento das actividades culturais no territorio, a través dunha explotación interna dos resultados da operación estatística “Produto interior bruto municipal”¹⁷. A análise restrínxese ao “agregado cultural”, que integra as ramas características, tal e como foi definido no apartado 1 isto é, ao conxunto das ramas 18, 58, 59, 60, 73 e 90_93 da CNAE-2009.

O estudo da dimensión territorial do sector cultural en Galicia abrangue dúas vertentes. Por unha banda, consiste en determinar en que comarcas se concentran este tipo de actividades e, por outra banda, tamén hai que analizar como de importante é o sector dentro das economías comarcais.

¹⁷ Máis información desta operación en:

http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0307007007

NOTA METODOLÓXICA 1

O IGE publica dende 2013 os resultados do produto interior bruto (PIB) distribuído por comarcas e concellos. Nesta operación ofrécense tamén os resultados do VEB comarcal desagregado en 12 ramas de actividade. A operación ten carácter bianual e, polo momento, dispónse de información para os anos 2010 e 2012. En 2015 a operación someteuse a un proceso de remodelación para adaptala á base 2010 do Sistema de contas económicas de Galicia.

Para dar un maior contido a esta análise do sector cultural aprovéitase a información interna elaborada para a publicación da dita operación. Agrégase o VEB achegado polas ramas 18, 58, 59, 60, 73 e 90_93 en cada comarca para construír o agregado cultural comarcal. A partir deste valor, determínase o peso de cada comarca no conxunto de Galicia, así como a achega do VEB cultural ao PIB total da comarca.

Como non se dispón de información para o ano 2011 (que é o período que se toma como referencia para realizar a análise dos restantes apartados do informe), calcúlase o promedio dos anos 2010 e 2012. A utilización deste estatístico tamén responde á idea de ofrecer unha visión o máis estrutural posible da importancia do sector no territorio galego. A utilización dun único período podería dar lugar a interpretacións confusas baseadas en datos de poucas observacións, ao tratarse da análise dun agregado de ramas que representa menos do 3% da economía de Galicia, do que se está a realizar unha distribución para un ámbito xeográfico do que dispón de pouca información de contraste.

3.4.1 Distribución do sector no territorio

O 51,8% do VEB xerado polas ramas características da cultura en Galicia concéntrase na provincia da Coruña. Séguela en importancia a provincia de Pontevedra, onde se xera o 31,4% do VEB cultural e, a moita distancia, as provincias de Lugo e Ourense, que achegan menos do 20% do VEB cultural de Galicia (8,9% en Lugo e 7,9% en Ourense).

Se se analiza a distribución por comarcas, obsérvase que é moi semellante á obtida de distribuír o PIB total de Galicia en base a este mesmo ámbito xeográfico. Á cabeza do ranking sitúanse as comarcas da Coruña, Vigo e Santiago, onde se xera máis do 50% do VEB total do sector cultural. En termos de PIB, a porcentaxe é un pouco menor: estas tres comarcas concentran o 44% do PIB de Galicia. A continuación atópanse as comarcas de Ourense, Pontevedra, Lugo e Ferrol, e completan este grupo de dez as comarcas do Salnés, Eume e O Morrazo. Como se aprecia na táboa 10, estas comarcas sitúanse tamén nos dez primeiros

postos no que a distribución do PIB total se refire, coa única excepción de Eume, que ocupa o posto 9 en termos do VEB cultural e doce en termos de PIB.

Táboa 10 Distribución territorial do valor engadido bruto (VEB) das ramas características da cultura e comparativa coa distribución do Produto Interior Bruto (PIB). Principais comarcas. Media de 2010 e 2012

Unidade: porcentaxe (%)

Comarca	Sobre o total do sector	Porcentaxe acumulada	Comarca	Sobre o total do PIB	Porcentaxe acumulada
A Coruña	22,1%	22,1%	A Coruña	18,8%	18,8%
Vigo	17,0%	39,1%	Vigo	17,4%	36,2%
Santiago	16,3%	55,5%	Santiago	7,8%	44,0%
Ourense	5,6%	61,1%	Ourense	5,9%	49,9%
Pontevedra	5,5%	66,6%	Ferrol	5,1%	55,1%
Lugo	4,8%	71,4%	Lugo	4,8%	59,9%
Ferrol	4,4%	75,8%	Pontevedra	4,3%	64,2%
O Salnés	3,0%	78,8%	O Salnés	3,4%	67,6%
Eume	2,5%	81,3%	O Morrazo	2,0%	69,6%
O Morrazo	1,9%	83,2%	Barbanza	2,0%	71,6%
Resto de comarcas	16,8%	100,0%	Resto de comarcas	28,4%	100,0%

Fonte: elaboración propia a partir de información interna non difundida na operación IGE. *Produto interior bruto municipal. Base 2010*

Tamén cabe mencionar que existe unha maior concentración da actividade a nivel territorial no sector da cultura que no conxunto da economía. Nas dez primeiras comarcas segundo a achega ao VEB cultural xérase case o 85% deste (o 83,2% para ser máis exactos), namentres que en termos de PIB só concentran o 71,6% do total de Galicia.


3.4.2 Importancia do sector na economía do territorio

Neste apartado ofrécese unha visión complementaria da exposta no anterior. Se antes se falaba de como se distribúe a actividade polo territorio galego, agora analízase como de importante é esa actividade neses territorios. Para este fin, calculamos a achega ao produto interior bruto comarcal do sector da cultura, o que proporcionará unha dimensión do sector fundamental para coñecer a súa importancia en Galicia.

Como se observa no mapa, en seis comarcas a achega da cultura ao PIB comarcal supera a media de Galicia (que, ao considerar o agregado das ramas características, ascende ao 2,5% do PIB galego)¹⁸. Estas comarcas son, por orde de importancia, Santiago, onde o peso do sector cultural no PIB da bisbarra sitúase no 5,2%, Eume (3,9%), Pontevedra (3,1%), A Coruña (2,9%), Tabeirós-Terra de Montes (2,6%) e Lugo (2,5%).

Mapa 1 Achega das ramas características da cultura ao produto interior bruto (PIB) comarcal. Media de 2010 e 2012

Unidade: peso no PIB da comarca (%)



Fonte: elaboración propia a partir de información interna non difundida na operación IGE. *Produto interior bruto municipal. Base 2010*

¹⁸ No apartado 2 afirmou-se que este peso era do 2%, pero esa porcentaxe xorde de considerar a delimitación do sector empregada na elaboración da conta satélite galega. Cabe recordar que, nesta operación, só se inclúen dentro do ámbito da cultura as divisións 90 e 91 (parte de mercado e parte de non mercado) do agregado 90_93. Pola contra, na análise realizada neste apartado estase a considerar a rama 90_93 ao completo, e o promedio de dous anos (2010 e 2012). Esta é a razón da discrepancia entre cifras.

O feito de que se atopen nesta listaxe comarcas como a de Santiago, Pontevedra, A Coruña ou Lugo non é de estrañar, xa que unha porcentaxe importante das empresas consideradas na construción do agregado cultural teñen a súa sede nestas comarcas (segundo o “Directorio de empresas e unidades locais do IGE”, o 18,3% das empresas das ramas características).

O caso da comarca do Eume e de Tabeirós-Terra de Montes é distinto ao das comarcas analizadas no parágrafo anterior. Na primeira existe unha importante empresa relacionada co mundo das artes gráficas. No segundo a achega das actividades do agregado 90_93 é bastante importante, destacando a presenza de varias empresas dedicadas ao mundo do deporte e das actividades recreativas e de xogos de azar (ramas 92 e 93), pero tamén das divisións 90 e 91, que aglutinan actividades de creación, artísticas e espectáculos, así como as relacionadas coa xestión de bibliotecas, arquivos e museos.

4 Relacións intersectoriais: identificación de complexos produtivos, efectos directos e indirectos e identificación de sectores clave

4.1 Complexo produtivo da cultura

Para estimar a intensidade das relacións intersectoriais que se observan entre as ramas de actividade da economía galega analízase a matriz simétrica¹⁹, que é unha matriz por ramas homoxéneas (por produtos) que se elabora a partir das táboas de orixe e destino (TOD) do “Marco input-output”. Nesta matriz simétrica cada rama homoxénea produce un tipo de produto característico definido por unha determinada clasificación e cada columna da matriz simétrica expresa a función de produción, é dicir, os consumos intermedios e a remuneración dos factores produtivos precisos para obter a produción desa rama homoxénea.

Denomínase ligazón específica de oferta entre as ramas i e j (LEO_{ij}) o cociente entre o que a rama i lle entrega á rama j e o total da demanda intermedia da primeira. Segundo se computen ou non dentro da rama i os bens e servizos procedentes do exterior da rexión estarase ante ligazóns con importacións (LEO_{ij}^T) ou sen importacións (LEO_{ij}^R).

Xa que logo, $LEO_{ij}^T = x_{ij}^T / \sum_j x_{ij}^T$ representa o tanto por un absorbido pola rama j do total de recursos (rexionais ou importados) da rama i que son consumidos pola demanda intermedia.

$LEO_{ij}^R = x_{ij}^R / \sum_j x_{ij}^R$ é o tanto por un que representan os consumos intermedios realizados polos establecementos galegos da rama j respecto do total de *outputs* intermedios dos establecementos, tamén galegos, da rama i .

Se se analiza por columnas a matriz de transaccións intermedias pasamos ao concepto de ligazón específica de demanda (LED_{ij}). De novo hai que distinguir entre ligazóns específicas de demanda con importacións (LED_{ij}^T) e sen importacións (LED_{ij}^R), segundo se computen a totalidade das compras intermedias ou só as de establecementos situados na rexión.

Polo tanto, $LED_{ij}^T = x_{ij}^T / \sum_i x_{ij}^T$ representa o tanto por un que sobre o total de consumos intermedios da rama j (tanto de orixe galega coma exterior) representan os realizados por ela respecto de bens e servizos da rama i .

¹⁹ Máis información desta operación en http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_MIOGAL_2011_gl.pdf

$LED_{ij}^R = x_{ij}^R / \sum_i x_{ij}^R$ é o tanto por un que, sobre o total dos consumos intermedios de orixe galega realizados pola rama j , representan os adquiridos por ela nos establecementos, tamén galegos, encadrados na rama i .

Por último, defínense os coeficientes de ligazón de Streit con importacións:

$$CES_{ij}^T = \frac{1}{4} (LEO_{ij}^T + LEO_{ji}^T + LED_{ij}^T + LED_{ji}^T)$$

E sen importacións:

$$CES_{ij}^R = \frac{1}{4} (LEO_{ij}^R + LEO_{ji}^R + LED_{ij}^R + LED_{ji}^R)$$

Se as ligazóns utilizadas son do tipo “sen importacións”, pódense identificar os nós de produción reais da economía galega. Pero se as consideradas son da clase “con importacións” as relacións identificadas suxiren posibles oportunidades para desenvolver complexos produtivos en Galicia.

Para discriminar cales son as relacións intersectoriais máis importantes que servirán para identificar as cadeas produtivas, é habitual establecer un limiar mínimo, de modo que un sector j se considera incluído na cadea produtiva dun sector i sempre que o CES_{ij} sexa superior ao dito limiar.

A partir da observación dos valores destes coeficientes na economía galega adoptouse o criterio de considerar incluído na cadea produtiva dun sector todas aquelas ramas vinculadas con el por un coeficiente de ligazón de Streit superior a 0,1. Ademais, para falar dun complexo produtivo esiximos un mínimo de 3 conexións relevantes entre ramas. Con base nestes criterios, non se pode falar da existencia dun complexo produtivo da cultura en Galicia ao non observarse o mínimo de 3 conexións relevantes entre ramas da economía galega.

Os coeficientes de ligazón de Streit interiores de Galicia mostran como as artes gráficas están fortemente relacionadas coa edición, pero as relacións (como subministradoras ou demandantes de inputs) con outras ramas da economía galega son débiles. Algo similar acontece coas actividades cinematográficas de vídeo e televisión, gravación de son e edición musical; actividades de programación e emisión de radio e televisión e a publicidade e os estudos de mercado ou entre as actividades artísticas, recreativas e de entretemento de mercado e de non mercado.

Táboa 11 Coeficientes de ligazón de Streit sen importacións

CES _{ij} ^R		R18	R58	R59_60	R73	R90_93M	R90_93NM
		Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	Edición	Actividades cinematográficas de video e televisión, gravación de son e edición musical; actividades de programación e emisión de radio e televisión	Publicidade e estudos de mercado	Actividades artísticas, recreativas e de entretemento de mercado	Actividades artísticas, recreativas e de entretemento de non mercado
R18	Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	0,2378	0,1310	0,0005	0,0184	0,0148	0,0117
R58	Edición	0,1310	0,0073	0,0321	0,0966	0,0768	0,0000
R59_60	Actividades cinematográficas de video e televisión, gravación de son e edición musical; actividades de programación e emisión de radio e televisión	0,0005	0,0321	0,0937	0,1897	0,0384	0,0048
R73	Publicidade e estudos de mercado	0,0184	0,0966	0,1897	0,0016	0,0065	0,0000
R90_93M	Actividades artísticas, recreativas e de entretemento de mercado	0,0148	0,0768	0,0384	0,0065	0,4882	0,1485
R90_93NM	Actividades artísticas, recreativas e de entretemento de non mercado	0,0117	0,0000	0,0048	0,0000	0,1485	0,0000

Fonte: IGE. Marco *input-output* de Galicia. Base 2011

Esta conclusión non se ve alterada se incluímos as importacións na análise das ligazóns intersectoriais tal e como se recolle na seguinte táboa:

Táboa 12 Coeficientes de ligazón de Streit con importacións

CES _{ij} ^T		R18	R58	R59_60	R73	R90_93M	R90_93NM
		Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	Edición	Actividades cinematográficas de video e televisión, gravación de son e edición musical; actividades de programación e emisión de radio e televisión	Publicidade e estudos de mercado	Actividades artísticas, recreativas e de entretemento de mercado	Actividades artísticas, recreativas e de entretemento de non mercado
R18	Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	0,1812	0,1024	0,0004	0,0155	0,0115	0,0106
R58	Edición	0,1024	0,0888	0,0317	0,1439	0,0471	0,0150
R59_60	Actividades cinematográficas de video e televisión, gravación de son e edición musical; actividades de programación e emisión de radio e televisión	0,0004	0,0317	0,2802	0,1824	0,0296	0,0044
R73	Publicidade e estudos de mercado	0,0155	0,1439	0,1824	0,0046	0,0125	0,0081
R90_93M	Actividades artísticas, recreativas e de entretemento de mercado	0,0115	0,0471	0,0296	0,0125	0,4833	0,1330
R90_93NM	Actividades artísticas, recreativas e de entretemento de non mercado	0,0106	0,0150	0,0044	0,0081	0,1330	0,0000

Fonte: IGE. Marco *input-output* de Galicia. Base 2011

As diferenzas que se observan nas ligazóns entre ramas culturais ao incluír as importacións na análise son:

1. As actividades cinematográficas de vídeo e televisión, gravación de son e edición musical; actividades de programación e emisión de radio e televisión son fortemente demandantes e oferentes de produtos característicos da propia rama pero fundamentalmente importados de fóra de Galicia. Esta é a razón pola que esta ligazón se ve debilitada na análise dos coeficientes de ligazón de Streit sen importacións.
2. A edición demanda moitos servizos de publicidade e estudos de mercado pero fundamentalmente importados. Esta é a razón pola que esta ligazón aflora na análise dos coeficientes de ligazón de Streit con importacións.

4.2 Efectos directos e indirectos

NOTA METODOLÓXICA 2

O IGE inclúe na publicación da matriz simétrica da economía galega de 2011 nove táboas que facilitan os seus obxectivos analíticos, e que se basean na meirande parte na metodoloxía da análise input-output desenvolvido a partir dos traballos de Leontief.

Estas nove táboas son:

1. Matriz de coeficientes técnicos totais. A suma por columnas desta matriz recolle os encadeamentos directos cara a atrás totais.
2. Matriz de coeficientes técnicos interiores. A suma por columnas desta matriz recolle os encadeamentos directos cara a atrás interiores.
3. Matriz inversa de Leontief. Multiplicadores técnicos totais. A suma por columnas desta matriz recolle os encadeamentos totais cara a atrás totais.
4. Matriz inversa de Leontief. Multiplicadores técnicos interiores. A suma por columnas desta matriz recolle os encadeamentos totais cara a atrás interiores.
5. Matriz de coeficientes de distribución totais. A suma por filas desta matriz recolle os encadeamentos directos cara a diante totais.
6. Matriz de coeficientes de distribución interiores. A suma por filas desta matriz recolle os encadeamentos directos cara a diante interiores.
7. Matriz inversa de Ghosh total. A suma por filas desta matriz recolle os encadeamentos totais cara a diante totais.
8. Matriz inversa de Ghosh interior. A suma por filas desta matriz recolle os encadeamentos totais cara a diante interiores.
9. Coeficientes de traballo. Os coeficientes de traballo directos indican os postos de traballo (asalariados e non asalariados) que se xeran en Galicia por unidade de produción dunha rama. E os coeficientes de traballo totais recollen a capacidade total de xerar postos de traballo na economía galega.

Os encadeamentos directos cara atrás representan as necesidades que a rama ten dos *inputs* intermedios que lle proporciona o resto das ramas produtivas da economía galega. Un valor alto do indicador reflicte un uso intensivo de consumos intermedios na produción total e ademais que os ditos consumos teñen orixe galega. Isto implica unha integración na economía galega como demandante de produtos galegos.

Das ramas que integran o sector da cultura as actividades artísticas, recreativas e de entretemento son as que teñen un efecto arrastre sobre o tecido empresarial galego maior (medido polo encadeamento directo cara atrás do 0,3710 no caso das actividades de non mercado e do 0,3615 para as de mercado). Efectos que superan á media do total da economía (0,3179).

Tal e como se recolle na táboa 13 o efecto arrastre das actividades culturais amplificaríase de substituírense as importacións por produción interior. As artes gráficas e reprodución de soportes gravados é dependente de *inputs* importados e por tanto o seu poder de arrastre é considerablemente menor cando se exclúen as importacións na análise dos encadeamentos.

Os encadeamentos directos cara a diante informan sobre a situación dun sector na cadea de valor e recollen se o seu destino ten un carácter maioritariamente final ou intermedio. Un maior valor do indicador implica unha maior orientación como subministradora de *inputs* para a economía galega, é dicir, cara á demanda intermedia.

Táboa 13 Encadeamentos directos e totais

			Encadeamentos directos		Encadeamentos totais		Coeficientes de traballo		
			Cara a atrás	Cara a diante	Cara a atrás	Cara a diante	Directos	Totais	
R18	Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	Interior	0,2789	0,6112	1,4156	2,0499	0,0124	0,0168	
		Total	0,5770	0,6795	2,5318	2,2697	0,0124	0,0246	
R58	Edición	Interior	0,3326	0,5788	1,4834	1,8204	0,0100	0,0158	
		Total	0,5956	0,5636	2,3842	1,9338	0,0100	0,0245	
R59_60	Actividades cinematográficas de video e televisión, gravación de son e edición musical; actividades de programación e emisión de radio e televisión	Interior	0,2832	0,2382	1,4048	1,3842	0,0152	0,0197	
		Total	0,4835	0,3720	1,9763	1,6842	0,0152	0,0260	
R73	Publicidade e estudos de mercado	Interior	0,3565	0,7222	1,5080	2,0160	0,0212	0,0274	
		Total	0,5604	0,9301	2,1782	2,5005	0,0212	0,0346	
R90_93M	Actividades artísticas, recreativas e de entretemento de mercado	Interior	0,3615	0,2053	1,5308	1,2530	0,0110	0,0160	
		Total	0,4662	0,2304	1,9744	1,2919	0,0110	0,0203	
R90_93NM	Actividades artísticas, recreativas e de entretemento de non mercado	Interior	0,3710	0,0000	1,5486	1,0000	0,0155	0,0231	
		Total	0,5260	0,0000	2,1011	1,0000	0,0155	0,0288	
	Total economía		Interior	0,3179	0,3741	1,4885	1,5831	0,0145	0,0195
			Total	0,5323	0,4552	2,3197	1,7849	0,0145	0,0264

Fonte: elaboración propia a partir de: IGE. Marco *input-output* de Galicia. Base 2011

A publicidade e os estudos de mercado son produtos moi demandados por outras ramas da economía galega e por tanto presentan un valor alto en canto aos encadeamentos directos cara a diante (0,7222) fronte á media rexistrada no total da economía (0,3741).

Os coeficientes descritos ata o momento teñen en conta unicamente as conexións directas entre ramas, pero para captar o efecto arrastre dun sector sobre a economía tamén se teñen en conta as conexións indirectas entre sectores.

Así, os encadeamentos totais cara atrás engádenlles aos encadeamentos directos o efecto de que a propia rama vai aumentar tamén os consumos de todos os seus *inputs* intermedios. Isto pon de manifesto que cando se incrementa a demanda final da rama *j*, a rama *i* non só ten que aumentar a súa produción na contía que *j* precisa directamente de tales bens para poder elevar o seu nivel de produción, senón que tamén terá que atender as demandas intermedias xeradas por todos os sectores que, directa ou indirectamente, son provedores de *j*.

De novo, as actividades artísticas, recreativas e de entretemento son as ramas do sector cultural que presentan uns encadeamentos totais cara atrás superiores (1,5486 no caso das actividades de non mercado (prestadas fundamentalmente polas administracións públicas) e do 1,5308 nas de mercado), situándose por riba da media do total da economía (1,4885). O que indica que de aumentar a demanda das actividades artísticas, recreativas e de entretemento nunha certa cantidade o efecto sobre o total da economía multiplicaríase por 1,5.

Os coeficientes de traballo directos recollen os postos de traballo que se xeran por unidade de produción. As actividades de publicidade e estudos de mercado son as ramas culturais máis intensivas en factor traballo e por tanto estes coeficientes toman un valor relativamente alto (0,0212, é dicir, xéranse 21,2 postos de traballo por cada millón de euros producido nesta rama) se o comparamos coa media do total de economía (14,5 empregos por cada millón de euros producido).

Pero como existen interconexións entre as ramas da economía galega, un incremento da produción nunha delas non só provoca incrementos de emprego nesa rama, senón que na medida en que esta demanda consumos intermedios doutras ramas tamén repercute no seu emprego.

Os coeficientes de traballo totais recollen a capacidade total de xerar emprego na economía galega. Segundo estes coeficientes a publicidade e os estudos de mercado xeran 27,4

empregos na economía por cada millón de euros producido; dos cales 21,2 xéranse na propia rama e os 6,2 restantes correspóndense con empregos indirectos noutras ramas da economía que subministran inputs a estas actividades ou aos seus provedores. Concretamente, 4,6 empregos xeraríanse nos provedores de primeira liña das actividades de publicidade e 1,6 serían empregos inducidos, producidos a causa do aumento da demanda de inputs que realizan as diferentes ramas afectadas polos efectos indirectos e que se transmiten ao conxunto de sectores da economía.

Táboa 14 Descomposición dos coeficientes de traballo totais

		Coeficientes de traballo			Efecto	
		Directos (A)	Indirectos (B)	Inducidos ©	Totais (D=A+B+C)	multiplicador (D/A)
R18	Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	0,0124	0,0031	0,0013	0,0168	1,35
R58	Edición	0,0100	0,0043	0,0015	0,0158	1,57
R59_60	Actividades cinematográficas de video e televisión, gravación de son e edición musical; actividades de programación e emisión de radio e televisión	0,0152	0,0032	0,0012	0,0197	1,29
R73	Publicidade e estudos de mercado	0,0212	0,0046	0,0016	0,0274	1,29
R90_93M	Actividades artísticas, recreativas e de entretemento de mercado	0,0110	0,0035	0,0016	0,0160	1,46
R90_93NM	Actividades artísticas, recreativas e de entretemento de non mercado	0,0155	0,0058	0,0018	0,0231	1,49

Fonte: elaboración propia a partir de IGE. Marco *input-output* de Galicia. Base 2011

Se definimos o efecto multiplicador dunha rama sobre o emprego da economía como o cociente entre os coeficientes de traballo totais e os directos, obsérvase que é a edición a rama cultural que presenta un maior efecto sobre o emprego do resto de ramas da economía.

4.3 Identificación de sectores clave

Os indicadores definidos ata o momento non discriminan a importancia que unha rama cun maior nivel de produción ou cun maior peso na demanda final poida ter sobre outras e en consecuencia, sobrevaloran o papel que xogan na economía as ramas máis pequenas, e menosprezan o papel daquelas máis grandes. Para solucionar estes problemas Fernández, M. e Fernández-Grela, M.²⁰ propoñen utilizar índices ponderados como medidas da intensidade dos encadeamentos.

²⁰ Ver, Fernández, M.; Fernández-Grela, M. (2003), páx. 19 e seguintes.

Para ver a intensidade das ligazóns cara atrás da rama j podemos utilizar o índice de poder de dispersión (U_j^P), que se calculará acorde con:

$$U_j^P = \frac{\frac{\sum_i \alpha_{ij}^R D_i^R}{\sum_i D_i^R}}{\left(\frac{1}{n}\right) \sum_j \frac{\sum_i \alpha_{ij}^R D_i^R}{\sum_i D_i^R}}$$

onde α_{ij}^R representa o elemento correspondente á fila i , columna j da matriz inversa de Leontief rexional (L^R); n é o número de ramas homoxéneas e D_i^R o valor da demanda final da produción interior galega.

Por outra parte, o indicador de intensidade dos encadeamentos cara a diante dunha rama de actividade calquera i , índice de sensibilidade de dispersión (U_i^S), calcularíase acorde con:

$$U_i^S = \frac{\frac{\sum_j \beta_{ij}^R D_j^R}{\sum_j D_j^R}}{\left(\frac{1}{n}\right) \sum_i \frac{\sum_j \beta_{ij}^R D_j^R}{\sum_j D_j^R}}$$

onde β_{ij}^R representa o elemento correspondente á fila i , columna j da matriz inversa de Ghosh rexional (G^R).

Cando unha rama presenta un valor destes índices por riba da unidade estará indicando que a rama en cuestión ten un encadeamento superior ao da media e que será tanto maior canto maior sexa o valor do índice.

Unha vez calculados os valores destes índices para as 71 ramas homoxéneas e coa utilización da seguinte clasificación, podemos identificar os sectores claves da economía galega:

- Sectores clave: son os sectores que presentan valores superiores á unidade para os dous índices. Estes sectores son importantes demandantes e oferentes dentro da economía galega.
- Sectores básicos: son os que presentan valores superiores á unidade para o índice de sensibilidade de dispersión, pero menores que a unidade para o índice de poder de dispersión. Son sectores cunha orientación da produción cara á demanda intermedia e que, polo tanto, teñen fortes encadeamentos cara a diante, pero débiles cara atrás.

- Sectores motores: son os que presentan valores superiores á unidade para o índice de poder de dispersión, pero menores que a unidade para o índice de sensibilidade de dispersión. É dicir, sectores orientados cara á demanda final e que, polo tanto, teñen fortes encadeamentos cara a atrás, pero débiles cara a diante.
- Sectores independentes: son sectores con valores menores cá unidade para os dous índices e que, polo tanto, están pouco relacionados co resto dos sectores da economía galega.


Táboa 15 Clasificación das ramas que integran o sector cultural

		Índice de sensibilidade de dispersión	Índice de poder de dispersión	Clasificación sector
R18	Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	0,6311	0,3250	Independente
R58	Edición	0,7013	0,3281	Independente
R59_60	Actividades cinematográficas de video e televisión, gravación de son e edición musical; actividades de programación e emisión de radio e televisión	0,3362	0,4774	Independente
R73	Publicidade e estudos de mercado	1,0638	0,3555	Básico
R90_93M	Actividades artísticas, recreativas e de entretemento de mercado	0,5180	0,9744	Independente
R90_93NM	Actividades artísticas, recreativas e de entretemento de non mercado	0,1753	0,6664	Independente

Fonte: IGE. Marco *input-output* de Galicia. Base 2011

Utilizando esta clasificación as ramas que integran o sector cultural clasifícanse como independentes salvo a publicidade e estudos de mercado que se clasifica como básico, é dicir, como unha rama de actividade con fortes encadeamentos cara a diante pero débiles cara a atrás ao estar máis orientada cara a demanda intermedia.

Gráfico 17 Clasificación das ramas homoxéneas do sector servizos



NOTA: este gráfico está realizado en escala logarítmica para facilitar a súa visualización. Na Táboa 18 incluimos a correspondencia entre códigos e ramas homoxéneas.

Fonte: elaboración propia IGE. Marco *input-output* de Galicia. Base 2011

5 Conclusións

A medición económica da cultura ten dúas limitacións relevantes: en primeiro lugar a carencia dunha delimitación do sector sobre a que haxa unanimidade internacional. En segundo lugar as limitacións das fontes estatísticas dispoñibles.

A Conta Satélite da Cultura é o instrumento estatístico idóneo para medir a importancia cuantitativa do sector nunha economía. Parte dunha delimitación clara do sector, enmárcase nun conxunto de estatísticas de síntese máis ampla, e ofrece información interpretable, comparable e que pode ter continuidade no tempo. En Galicia, para o ano 2011, realizouse unha conta satélite que sitúa ao sector cunha achega á economía do 2%, e do 3% postos de traballo.

Esta fonte de información permite analizar o sector dende dúas perspectivas. Atendendo aos subsectores que o forman destacan as “Artes visuais” cunha achega do 35,1% do VEB cultural total. Atendendo ás fases do proceso produtivo cultural, a fase de “Creación e produción” é a sobranceira, xa que representa o 70,6% do total do sector cultural.

Neste traballo presentouse outra forma de achegarmos ao sector. Non é unha forma tan precisa mais permite facer comparacións homoxéneas no tempo e no espazo. Desta visión, que se bautizou como as ramas características do sector, cómpre destacar que este mantivo a súa cota de emprego na economía galega nos últimos anos aínda que perdeu peso en termos de valor engadido. Tamén se conclúe que o peso do sector en Galicia é inferior ao peso en España ou á media da Unión Europea.

No ámbito territorial apréciase que o sector está moi concentrado en determinadas comarcas galegas. Así, as comarcas da Coruña, Vigo e Santiago acumulan máis da metade do valor engadido do sector. É nesta última onde o peso do sector sobre a actividade total é maior: a cultura achega máis do 5% do produto interior bruto da comarca de Santiago.

Atendendo á intensidade das relacións intersectoriais obsérvase que as ramas de actividade que conforman o sector cultural non están estreitamente relacionadas entre si, polo que non se pode falar da existencia dun complexo produtivo da cultura en Galicia.

6 Anexos

Táboa 16 Ramas da CNAE-2009 incluídas total ou parcialmente en cada fase e sector da cultura

FASE	CNAE-09	DESCRIPCIÓN CNAE	SECTOR
CREACIÓN E PRODUCCIÓN	58.1	Edición de libros, xornais e outras actividades editoriais	Libros e prensa
	59 (D)*	Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical	Audiovisual e multimedia
	60 (D)*	Actividades de programación e emisión de radio e televisión	Audiovisual e multimedia
	63.91	Actividades das axencias de noticias	Libros e prensa
	71.11	Servizos técnicos de arquitectura	Artes visuais
	73.1	Publicidade	Artes visuais
	74.1	Actividades de deseño especializado	Artes visuais
	74.2	Actividades de fotografía	Artes visuais
	90.01	Artes escénicas	Artes escénicas
	90.02	Actividades auxiliares das artes escénicas	Artes escénicas
	90.03 (D)**	Creación artística e literaria	Libros e prensa
	90.03 (D)**	Creación artística e literaria	Artes visuais
	91	Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais	Patrimonio artístico e monumental, arquivos e bibliotecas
FABRICACIÓN	18.1	Artes gráficas e servizos relacionados con elas	Libros e prensa
	18.2	Reproducción de soportes gravados	Audiovisual e multimedia

* As ramas 59 a 60 da CNAE-2009 inclúense ao completo na Conta Satélite da Cultura de Galicia (en adiante, CSC), só que unha parte das mesmas intégrase na fase de creación e produción e outra parte na fase de difusión, distribución e comercialización. En concreto, as divisións 59.12, 59.15, 59.16, 59.20 e unha parte da 60.2 corresponden á fase de creación e produción, e as divisións 59.14, 59.17, 59.18, 60.1 e a outra parte da 60.2 á fase de difusión.

** A división 90.03 inclúese ao completo na CSC, pero distribúese entre dous sectores distintos: o de libros e prensa, que comprende a creación literaria, e o de artes visuais, que comprende a creación artística (pintores, escultores, etc.).

(D) Inclúese a rama ou división da CNAE-2009 ao completo, pero distribúese entre sectores ou fases da cultura distintos

(p) Non se inclúe a rama ou a división da CNAE-2009 ao completo, senón só unha parte da mesma

FASE	CNAE-09	DESCRIPCIÓN CNAE	SECTOR
DIFUSIÓN, DISTRIBUCIÓN E COMERCIALIZACIÓN	46.43 (p)*	Comercio por xunto de aparellos electrodomésticos	Artes visuais
	46.43 (p)*	Comercio por xunto de aparellos electrodomésticos	Audiovisual e multimedia
	46.49 (p)*	Comercio por xunto doutros artigos de uso doméstico	Libros e prensa
	46.49 (p)*	Comercio por xunto doutros artigos de uso doméstico	Artes escénicas
	47.1 (p)**	Comercio a retalho en establecementos non especializados	Libros e prensa
	47.1 (p)**	Comercio a retalho en establecementos non especializados	Audiovisual e multimedia
	47.43	Comercio a retalho de equipamentos de audio e vídeo en establecementos especializados	Audiovisual e multimedia
	47.61	Comercio a retalho de libros en establecementos especializados	Libros e prensa
	47.62 (p)**	Comercio a retalho de xornais e artigos de papelería en establecementos especializados	Libros e prensa
	47.63	Comercio a retalho de gravacións de música e vídeo en establecementos especializados	Audiovisual e multimedia
	47.78 (p)**	Outro comercio a retalho de artigos novos en establecementos especializados	Artes visuais
	47.79 (p)**	Comercio a retalho de artigos de segunda man en establecementos especializados	Artes visuais
	47.91 (p)**	Comercio a retalho por correspondencia ou internet	Libros e prensa
	47.91 (p)**	Comercio a retalho por correspondencia ou internet	Audiovisual e multimedia
	47.99 (p)	Outro comercio a retalho non realizado nin en establecementos, nin en postos de venda, nin en feiras	Libros e prensa

* Na CSC inclúese só unha parte dos produtos comercializados por empresas pertencentes á división 46.43 da CNAE-2009; en concreto, o comercio de equipos de radio, televisión, vídeo, CD, DVD, discos, e fitas de audio e vídeo, que se integra no sector de audiovisual e multimedia, e o comercio de artigos fotográficos e ópticos, no sector das artes visuais. Da división 46.49 da CNAE só se inclúe o comercio por xunto de libros, xornais e revistas, no sector co mesmo nome, e o comercio por xunto de instrumentos musicais, no sector das artes escénicas.

** Ao igual que sucedía co comercio polo xunto, no referido ao comercio a retalho (rama 47 da CNAE-2009), a CSC só inclúe o de aqueles bens relacionados coa cultura. Esta rama é moi ampla e desagregase en distintas divisións, atendendo ao punto de venda (en establecementos, por correo ou internet, en feiras e mercadillos, etc.), ás características do ben (novo ou usado) e ao tipo de produtos comercializado. Algunhas destas divisións pertencen claramente á cultura, como a 47.61, a 47.62 (exclúense os artigos de papelería) e a 47.63, ao agruparen a empresas que comercian cunha única gama de bens de tipo cultural. Pero no caso das divisións 47.1, 47.78, 47.79, 47.91 e 47.99, que agrupan a un variado número de empresas que venden distintos bens, non necesariamente culturais, a súa inclusión na CSC quedará supeditada a que unha parte considerable da súa cifra de negocios proceda da venda directa de bens culturais.

FASE	CNAE-09	DESCRIPCIÓN CNAE	SECTOR
DIFUSIÓN, DISTRIBUCIÓN E COMERCIALIZACIÓN	59 (D)	Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical	Audiovisual e multimedia
	60 (D)	Actividades de programación e emisión de radio e televisión	Audiovisual e multimedia
	77.22	Aluguer de fitas de vídeo e discos	Audiovisual e multimedia
	90.04	Xestión de salas de espectáculos	Artes escénicas
PROMOCIÓN E REGULACIÓN	84.12 (p)*	Regulación das actividades sanitarias, educativas e culturais e outros servizos sociais, agás seguranza social	Interdisciplinar
ACTIVIDADES AUXILIARES	20.59 (p)**	Fabricación doutros produtos químicos n.c.n.	Artes visuais
	26.3 (p)**	Fabricación de equipamentos de telecomunicacións	Audiovisual e multimedia
	26.4 (p)**	Fabricación de produtos electrónicos de consumo	Audiovisual e multimedia
	26.7 (D)	Fabricación de instrumentos de óptica e equipamento fotográfico	Artes visuais
	26.7 (D)	Fabricación de instrumentos de óptica e equipamento fotográfico	Audiovisual e multimedia
	26.8	Fabricación de soportes magnéticos e ópticos	Audiovisual e multimedia
	32.2	Fabricación de instrumentos musicais	Artes escénicas
	74.9 (p)***	Outras actividades profesionais, científicas e técnicas n.c.n.	Artes escénicas
	74.9 (p)***	Outras actividades profesionais, científicas e técnicas n.c.n.	Audiovisual e multimedia

* A división 84.12 comprende a regulación levada a cabo polas administracións públicas nos campos sanitario, educativo, cultural e social. Na CSC só se inclúen as actividades relacionadas coa promoción da cultura en Galicia. Intégrase nun sector que non se mencionou con anterioridade, “interdisciplinar”, ante a imposibilidade de asignar estas accións do sector público a un sector concreto.

** Da división 20.59 só se inclúe a fabricación de placas e películas fotográficas, papel fotográfico e demais produtos relacionados coa fotografía; da división 26.3, a fabricación de emisores de radio e televisión e de cámaras de televisión; e da división 26.4, a fabricación de receptores de radiodifusión, televisores, aparatos de reprodución de son, e outros equipamentos relacionados co audiovisual e multimedia

*** Da división 74.9, inclúese na CSC, no sector das artes escénicas, a labor de axentes e representantes de artistas e das empresas dedicadas ao montaxe e contratación de espectáculos; e no sector do audiovisual e multimedia, as actividades realizadas polos colaboradores-tertulianos de radio e televisión.

Pode resumirse esta dobre clasificación, por sector cultural e fase no proceso produtivo, nun cadro de dobre entrada coma o seguinte:

Táboa 17 Ramas da CNAE-2009 incluídas total ou parcialmente en cada sector e fase cultural

CÓDIGO	Creación e produción	Fabricación	Difusión, distribución e comercialización	Promoción e regulación	Actividades auxiliares
Patrimonio artístico e monumental, arquivos e bibliotecas	91				
Libros e prensa	58.1; 63.91; 90.03 (D)	18.1	46.49 (p); 47.1 (p); 47.61; 47.62 (p); 47.91 (p); 47.99 (p)		
Artes visuais	71.11; 73.1; 74.1; 74.2; 90.03 (D)		46.43 (p); 47.78 (p); 47.79 (p)		20.59 (p); 26.7 (D)
Artes escénicas	90.01; 90.02		46.49 (p); 90.04		32.2; 74.9 (p)
Audiovisual e multimedia	59 (D); 60 (D)	18.2	46.43 (p); 47.1 (p); 47.43; 47.63; 47.91 (p); 59 (D); 60 (D); 77.22		26.3 (p); 26.4 (p); 26.7 (D); 26.8; 74.9 (p)
Interdisciplinar				84.12 (p)	

Táboa 18: Clasificación das ramas homoxéneas da economía galega

Código	Nome	Índice de sensibilidade de dispersión	Índice de poder de dispersión	Clasificación sector
R10B	Procesamento e conservación de peixes, crustáceos e moluscos	1,2076	1,8399	Clave
R19	Coquerías e refino de petróleo	1,2354	1,0934	Clave
R29	Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	2,7844	3,9423	Clave
R35	Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	1,6853	1,7836	Clave
R41_43	Construción	4,3259	5,8326	Clave
R46	Comercio polo xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor	1,9583	2,3284	Clave
R47	Comercio polo miúdo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	1,4922	2,3901	Clave
R49	Transporte terrestre e por tubaxe	1,3582	1,0934	Clave
R52	Almacenamento e actividades anexas ao transporte	1,2215	1,0662	Clave
R56	Servizos de comidas e bebidas	2,2185	3,4043	Clave
R68	Actividades inmobiliarias	2,3303	2,9076	Clave
R69_70	Actividades xurídicas e de contabilidade; actividades das sedes centrais; actividades de consultoría e de xestión empresarial	1,1049	1,0015	Clave
R84	Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	1,6973	2,5438	Clave
R86_88NM	Actividades sanitarias e de servizos sociais de non mercado	1,2569	2,0243	Clave
R01	Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas	0,9857	1,0794	Motor
R10A	Procesamento e conservación de carne e elaboración de produtos cárnicos	0,8075	1,3405	Motor
R10C	Fabricación de produtos lácteos	0,5285	1,3675	Motor
R14_15	Confección de roupa de vestir e industria do coiro e do calzado	0,6193	1,0874	Motor
R24	Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	0,9606	1,5835	Motor
R30	Fabricación doutro material de transporte	0,4071	1,0277	Motor
R36_39M	Suministro de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación de mercado	0,6248	1,0991	Motor
R37_38NM	Actividades de saneamento e xestión de residuos de non mercado	0,0794	1,3644	Motor
R85NM	Educación de non mercado	0,9676	1,3728	Motor
R86_88M	Actividades sanitarias e de servizos sociais de mercado	0,8725	1,2983	Motor
R05_09	Industrias extractivas	2,0403	0,4761	Básico
R11_12	Fabricación de bebidas e industria do tabaco	1,2425	0,5495	Básico
R22	Fabricación de produtos de caucho e plásticos	1,3481	0,4560	Básico
R23	Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	2,2206	0,8321	Básico
R25	Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	1,6191	0,8102	Básico
R33	Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	1,1500	0,5556	Básico
R53	Actividades postais e de correo	1,4511	0,1889	Básico
R61	Telecomunicacións	1,0167	0,8017	Básico
R64	Servizos financeiros, agás seguros e fondos de pensións	1,6264	0,3812	Básico
R71	Servizos técnicos de arquitectura e enxeñería; ensaios e análise técnica	1,2556	0,7529	Básico
R73	Publicidade e estudos de mercado	1,0638	0,3555	Básico
R74_75	Outras actividades profesionais, científicas, técnicas e veterinarias	1,1759	0,2987	Básico
R77	Actividades de alugueiro	1,0665	0,6623	Básico
R78	Actividades relacionadas co emprego	1,2089	0,0679	Básico
R80_82	Actividades de seguridade e investigación; servizos a edificios e actividades de xardinería; actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares das empresas	1,3398	0,2588	Básico

Código	Nome	Índice de sensibilidade de dispersión	Índice de poder de dispersión	Clasificación sector
R02	Silvicultura e explotación forestal	0,4563	0,5802	Independente
R03A	Pesca	0,8305	0,4830	Independente
R03B	Acuicultura	0,8276	0,5701	Independente
R10D	Fabricación de produtos para a alimentación animal	0,9034	0,5056	Independente
R10E	Outras industrias alimentarias	0,5618	0,6737	Independente
R13	Industria téxtil	0,5781	0,3359	Independente
R16	Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	0,8403	0,8509	Independente
R17	Industria do papel	0,4199	0,5523	Independente
R18	Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	0,6311	0,3250	Independente
R20_21	Industria química e fabricación de produtos farmacéuticos	0,5878	0,7162	Independente
R26	Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	0,3238	0,3011	Independente
R27	Fabricación de material e equipamento eléctrico	0,6610	0,6047	Independente
R28	Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	0,6120	0,6388	Independente
R31	Fabricación de mobles	0,5161	0,8162	Independente
R32	Outras industrias manufactureiras	0,2273	0,4236	Independente
R45	Venda e reparación de vehículos de motor	0,8466	0,9431	Independente
R50_51	Transporte marítimo e por vías navegables interiores; transporte aéreo	0,5017	0,5085	Independente
R55	Servizos de aloxamento	0,4234	0,7900	Independente
R58	Edición	0,7013	0,3281	Independente
R59_60	Actividades cinematográficas de video e televisión, gravación de son e edición musical; actividades de programación e emisión de radio e televisión	0,3362	0,4774	Independente
R62_63	Programación, consultoría e outras actividades relacionadas coa informática; servizos de información	0,4219	0,2653	Independente
R65	Seguros, reaseguros e fondos de pensións agás Seguridade Social obrigatoria	0,9492	0,5431	Independente
R66	Actividades auxiliares aos servizos financeiros e aos seguros	0,8733	0,4902	Independente
R72	Investigación e desenvolvemento	0,1509	0,3972	Independente
R79	Actividades das axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas	0,3790	0,3758	Independente
R85M	Educación de mercado	0,5878	0,6497	Independente
R90_93M	Actividades artísticas, recreativas e de entretemento de mercado	0,5180	0,9744	Independente
R90_93NM	Actividades artísticas, recreativas e de entretemento de non mercado	0,1753	0,6664	Independente
R94	Actividades asociativas	0,4878	0,4145	Independente
R95	Reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico	0,5488	0,4089	Independente
R96	Outros servizos persoais	0,3556	0,7843	Independente
R97	Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico	0,2110	0,2863	Independente

7 Bibliografía e fontes estatísticas

AGADIC. Axencia Galega das Industrias Culturais (2010), *As cifras da industria cultural galega (artes escénicas, audiovisual, música, produto gráfico). Análise cuantitativa*

AGRUPACIÓN EUROPEA DE COOPERACIÓN TERRITORIAL GALICIA-NORTE DE PORTUGAL (2011), *Estudo das industrias culturais e creativas en Galicia e o Norte de Portugal*

MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA Y DEPORTE. CULTURABase, *Varias operaciones estadísticas e publicacións*, publicacións periódicas
<http://www.mcu.es/culturabase/cqi/um?L=0>

EUROSTAT (2000), *Cultural Statistics in the EU. Final report of the LEG*

EUROSTAT (2008), *Eurostat Manual of Supply, Use and Input-Output Tables. European Commission*,

EUROPEAN STATISTICAL SYSTEM NETWORK ON CULTURE (ESSnet-CULTURE) (2012), *Final Report*

EUROSTAT (2013), *Sistema Europeo de Cuentas Nacionales y Regionales de la Unión Europea. SEC 2010. Reglamento UE Nº549/2013 del Parlamento Europeo y del Consejo*

FERNÁNDEZ, M.; FERNÁNDEZ-GRELA, M. (2003), *La estructura productiva de la economía gallega*, CIEF. Centro de Investigación Económica y Financiera. Fundación CaixaGalicia

FUNDACIÓN SGAE, *Anuario SGAE de las Artes Escénicas, Musicales y Audiovisuales*, varios anos

IDESCAT. Institut d'Estadística de Catalunya, *Cuentas económicas anuales de Cataluña (PIB). Base 2010*, publicación periódica

IDESCAT. Institut d'Estadística de Catalunya (2009), *El comte satèl·lit de la cultura de Catalunya 2005*,

IDESCAT. Institut d'Estadística de Catalunya, *Estadística y cuentas de las empresas culturales*, publicación periódica

IGE. Instituto Galego de Estatística, *Conta Satélite da Cultura de Galicia. Base 2010*, publicación periódica
http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0307007008

IGE. Instituto Galego de Estatística, *Contas económicas de Galicia. Base 2010. Serie 2000-2013*, publicación periódica
http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0307007001

IGE. Instituto Galego de Estatística, *Marco input-output de Galicia 2011*, publicación periódica
http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0307007003

IGE. Instituto Galego de Estatística, *Produto interior bruto municipal. Base 2010*, publicación periódica

http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0307007007

IGE. Instituto Galego de Estatística (2013), *Análise da cadea forestal-madeira. Xunta de Galicia. Consellería de Facenda* http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/publicaciones/Cadea_Forestal.pdf

IGE. Instituto Galego de Estatística (2014), *Análise do sector da automoción. Xunta de Galicia. Consellería de Facenda*

http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/publicaciones/Sector_automocion.pdf

IGE. Instituto Galego de Estatística (2015), *Análise do sector da pesca. Xunta de Galicia. Consellería de Facenda*

<http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/publicaciones/AnaliseSectorPesca.pdf>

INSTITUTO DE ESTADÍSTICA Y CARTOGRAFÍA DE ANDALUCÍA, *Contabilidad Anual Regional de Andalucía. Base 2010. Serie 1995-2014*, publicación periódica

INE. Instituto Nacional de Estadística, *Contabilidad Nacional de España. Base 2010*, publicación periódica

JUNTA DE ANDALUCÍA. Consejería de Cultura, *Cuenta Satélite de la Cultura en Andalucía*, publicación periódica

MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA Y DEPORTE. *Cuenta Satélite de la Cultura en España. Base 2008*, publicación periódica

OBSERVATORIO DA CULTURA GALEGA (2010), *O sistema produtivo da cultura en Galicia, unha visión económica*

UNESCO. Institute for Statistics (1986), *The UNESCO Framework for Cultural Statistics (FSC)*

UNESCO. Institute for Statistics (2009), *2009 UNESCO Framework for Cultural Statistics*